



POR UNHA VIDA DE CALIDADE

**AUTISMO GALICIA**





MAREMAGNUM

 AUTISMO GALICIA

Nº 10. Ano 2006

Número Ordinario

*Director*

Cipriano Luís Jiménez Casas  
ciprianoluis@menela.org

*Consello de Redacción*

Ana Martínez Díez

Enma Cuesta Fernández

Susana Rodríguez Blanco

Estrela Vázquez Allegue

Cipriano Luís Jiménez Casas

*Corrección Lingüística*

Azucena Vázquez, Xabier Ron Fernández,  
Mª do Carme Bugallo Mariño e Agustín Nieto

*Gravado portada*

Francisco Mantecón

(cedido pola súa viuva Pilar Barreiro)

*Edita*

AUTISMO GALICIA

Rúa Home Santo de Bonaval, 74 baixo

15703 Santiago de Compostela

Tfno. 34 981 589365

Fax 34 981 589344

Móvil: 670 797656

E-mail: [info@autismogalicia.org](mailto:info@autismogalicia.org)


[www.autismogalicia.org](http://www.autismogalicia.org)


I.S.S.N. 1698-5966

Dep. Legal: 378-1997

*Impresión*

Comercial Gráfica Nós. Príncipe, 22 baixo - Vigo





## Sumario

7

Editorial

POR UNHA VIDA DE CALIDADE

9

O DIAGNÓSTICO TEMPERÁN DO AUTISMO E A INVESTIGACIÓN  
EPIDEMIOLÓXICA NOS TRASTORNOS DO ESPECTRO AUTISTA

Manuel Posada de la Paz, M. J. Ferrari, E. Touriño, L. Boada

23

TRASTORNOS DO ESPECTRO AUTISTA. UNHA VISIÓN XERAL

Rutger Jan Van der Gaag

37

O DEREITO AO TRABALLO DAS PERSOAS CON AUTISMO

Cipriano Luís Jiménez Casas

49

A MOTIVACIÓN LABORAL DESDE A ORGANIZACIÓN

Estrela Vázquez Allegue

59


O COMPROMISO DE SER UN PROFESIONAL QUE TRABALLA CON  
PERSOAS CON TRASTORNOS DO ESPECTRO AUTISTA

Ana M<sup>a</sup> Martínez Díez

65

OS MEDIOS DE COMUNICACIÓN COMO INTEGRADORES DAS PERSOAS  
CON DISCAPACIDADE: REALIDADE GALEGA E MEDIDAS A TOMAR

José Villanueva Rey, Tareixa Barberena Fernández, Oscar Reboiras Loureiro



75


TEORÍA DA PAISAXE  
(De Otero Pedrayo aos nosos días)


Francisco Xavier Ríu Barja

81

DO ENIGMA AO MISTERIO

Xosé Chao Rego





## POR UNHA VIDA DE CALIDADE

### *Editorial*

Desde hai varias décadas, toda unha serie de acontecementos, socio económicos e políticos, desenvólvense de forma vertixinosa e están presentes no cotián do concerto internacional. Varios destes fenómenos estarían representados pola “globalización”, a “diversidade” e a “exclusión social”.


O momento histórico polo que atravesamos o mundo, nestas últimas décadas, implica movementos de dualidade e confrontación: á globalización opóñense os movementos antiglobalización, á diversidade a normativización e á exclusión social o dereito a unha mellor Calidade de Vida.

Nese abano de excluídos sociais, ás minorías multiétnicas e multiculturais, hai que engadir: os marxinais, os sen papeis, os pobres, os inmigrantes,... e, por suposto, todo un colectivo de Persoas con Discapacidade, no que obviamente se atopan as Persoas con Trastornos do Espectro Autista. A exclusión social, á que están sometidas as Persoas con Discapacidade, é un proceso que atravesamos varios campos, desde o económico-social ata o político-institucional. A exclusión social é consubstancial ás relacións sociais que os grupos dunha comunidade manteñen entre eles. Neste senso a cuestión da exclusión sitúase no campo cultural e ideolóxico.

A diversidade, da que todos formamos parte, por outra parte, supón o recoñecemento de que entre os seres humanos existen diferenzas. A diversidade pertence á propia natureza e, por extensión, á natureza humana. A diversidade, con todo, vai moito máis aló do problema que as Persoas con Discapacidade teñen. A propia sociedade é diversa, multicultural, multiétnica, multirracial...; nós mesmos somos diferentes e con capacidades tamén diferentes.

As Persoas con Discapacidade tratan, a día de hoxe, de facerse máis visibles e que se lles permita acceder a un mundo que case sempre lle nega os seus dereitos.

A Calidade de Vida, á que todos os seres humanos teñen dereito e, con



## Editorial

---

maior razón, todas aquelas persoas que entran no mundo da exclusión e da marxinação, non é posible sen un cambio cultural que interveña directamente nestes tres eixes: Tecnoloxía, Poder e Valores. Sen un verdadeiro cambio na área dos valores, que inciden no poder e na propia tecnoloxía, non é posible a Calidade de Vida.

O pasado ano 2005 cumpríronse 25 anos da creación de ASPANAES (Asociación de Pais de Persoas con Trastornos do Espectro Autista (TEA) da provincia da Coruña). Con tal motivo, organizáronse en Santiago de Compostela, os días 4, 5 e 6 de novembro de 2005, no Auditorio de Galicia, no marco do Congreso ASPANAES 25 aniversario, unhas xornadas “por unha VIDA de CALIDADE” de actualización e debate multidisciplinar sobre Autismo.


Como resultado deste encontro ofrecemos, neste número da revista MAREMAGNUM, algunhas das intervencións que fan referencia a temas como: *Unha visión xeral e actualizada dos Trastornos do Espectro Autista* do profesor Rutger Jan Van der Gaag e *O diagnóstico temperán e a investigación epidemiolóxica nos Trastornos do Espectro Autista* do profesor Manuel Posada de la Paz e colaboradores. *O dereito ao traballo das Persoas con Autismo* e *A motivación laboral desde a organización* están elaborados por Cipriano Jiménez e Estrela Vázquez Allegue. Ana M<sup>a</sup> Martínez Díez desenvolve a temática: *O compromiso de ser un profesional que traballa con Persoas con Trastornos do Espectro Autista*.

*Os medios de comunicación como integradores das Persoas con Discapacidade: Realidade galega e medidas a tomar*, un traballo certamente innovador para a nosa revista neste momento, onde as cousas ou pasan polos medios de comunicación ou simplemente non existen, é tratado por José Villanueva Rei e colaboradores.

Como vén sendo habitual, nos últimos números da revista MAREMAGNUM, temos sempre como invitados de honra e colaboradores a persoeiros do noso país, cunha dilatada obra cultural e científica, que coñecedores desta publicación, non soamente non puxeron ningunha traba para colaborar nela, senón que o fixeron de forma solidaria e altruísta. Polo que é unha honra para MAREMAGNUM contar cos artigos que hoxe nos ofrecen os profesores Francisco Xabier Río Barja: *Teoría da paisaxe* e Xosé Chao Rego: *Do enigma ao misterio*.

Falar cunha persoa sabia e en activo como o profesor Río Barja é sempre unha ledicia e unha demostración de como os anos non deben impedir continuar coa lucidez e actividade que este vello profesor aínda desenvolve. O profesor Chao Rego, que está a padecer nas súas propias carnes os efectos dunha Discapacidade, propiciada pola enfermidade de Párkinson, é un dos persoeiros máis senlleiros que ten dado Galicia.

O Consello de Redacción da revista MAREMAGNUM agradécelles moi sinceramente aos profesores Río Barja e Chao Rego a súa participación neste novo número da *Publicación Galega sobre os Trastornos do Espectro Autista*, como homes bos e xenerosos, que aínda existen no noso país.



## O DIAGNÓSTICO TEMPERÁN DO AUTISMO E A INVESTIGACIÓN EPIDEMIOLÓXICA NOS TRASTORNOS DO ESPECTRO AUTISTA


Manuel Posada de la Paz<sup>1</sup>, M. J. Ferrari<sup>2</sup>, E. Touriño<sup>3</sup>, L. Boada Friedel<sup>4</sup>


### RESUMO

*Ata hai pouco tempo, a investigación do Autismo en España non era prioritaria das axencias de financiamento nin dos propios investigadores existindo unha gran desorientación entre pais e profesionais sobre a súa importancia e grao de desenvolvemento. Nos últimos tres anos rexurdiu un interese de moitos grupos polo estudo do Autismo, destacando a actividade do GETEA do ISCIII, que puxo un portal de Internet con información actualizada sobre os TEA e guías de actuación no diagnóstico, investigación, detección temperá e proximamente unha sobre tratamento.*

*Dentro da gravidade dos TEA a intervención temperá é un factor prognóstico moi importante, unha vez realizada por servizos especializados e canto antes. A súa maior eficacia preséntase cando se instaura nos primeiros anos de vida.*

1. O autor é Doutor en Medicina e Cirurxía, con Premio Extraordinario pola Universidade Autónoma de Madrid. Especialista en Medicina Interna polo sistema MIR. Hospital Universitario Clínica Puerta de Hierro. Universidade Autónoma de Madrid. Especialista en Medicina Preventiva e Saúde Pública polo Ministerio de Educación e Ciencia. Diplomado en Metodoloxía da Investigación pola Escola Nacional de Sanidade do Instituto de Saúde Carlos III de Madrid. Experto Universitario en Probabilidade e Estatística Médica pola Universidade de Educación a Distancia e Experto Universitario en Análise Multivariante da Universidade de Educación a Distancia. Na actualidade é Xefe de Área da Unidade da Síndrome do Aceite Tóxico no Instituto de Investigación de Enfermidades Raras do Instituto de Saúde Carlos III. Director do Centro Colaborador da OMS en Epidemioloxía das Enfermidades relacionadas co Ambiente.
- 2, 3 e 4. Pertencen ao Grupo de Estudo dos Trastornos do Espectro Autista (GETEA) do Instituto de Saúde Carlos III (ISCIII).





## *O diagnóstico temperán do Autismo e a investigación epidemiolóxica...*

### RESUMO

*O principal problema do Autismo céntrase no descoñecemento das súas causas e, polo tanto, na súa abordaxe terapéutica. Con todo, existen tamén outros problemas que é necesario tratar a curto e medio prazo, como: a falta de detección do trastorno debido á escasa formación dos pediatras e educadores, e a escasa utilización das clasificacións diagnósticas internacionais, que impide ter datos sobre a incidencia real dos TEA na actualidade, polo que na nosa contorna faise difícil afirmar que o número de casos aumentara nos últimos anos.*

### Introdución

Ata hai moi pouco tempo, a investigación do Autismo en España non era unha das prioridades das axencias de financiamento nin tan sequera dos propios investigadores e existía unha gran desorientación, entre pais e profesionais, sobre a súa importancia e grao de desenvolvemento no noso país. Nos últimos tres anos observouse un rexurdir do interese de moitos grupos polo estudo do Autismo, destacando a actividade do noso Grupo de Estudo dos Trastornos do Espectro Autista (GETEA) do ISCIII (1), que puxo ao servizo da comunidade científica un portal de Internet con información actualizada sobre os TEA e guías de actuación no diagnóstico (2), investigación (3), detección temperá (4) e proximamente publicarase unha sobre tratamento.


Os desafíos, que aínda quedan por afrontar, inclúen o estender os programas de diagnóstico e detección temperá, potenciar a investigación de calidade e vinculala, sempre que sexa apropiado, ás redes e iniciativas internacionais de investigación.


### Definición e evolución do termo

L. Kanner (5), en Estados Unidos e H. Asperger (6), en Austria, describiron en 1943 uns cadros clínicos que hoxe se inclúen nos denominados Trastornos do Espectro Autista. Ao longo dos anos transcorridos desde entón a comprensión e a clasificación destes trastornos foi modificándose en función dos achados científicos.

Así, nos anos cincuenta o Autismo considerábase coma un trastorno psicoxénico e nalgúns países foi concibido coma o resultado dun trato familiar deficiente e próximo á psicose.

Os estudos dispoñibles a partir dos anos setenta mostraron a falsidade destas nocións e empezaron a encadrar o Autismo coma un trastorno do desenvolvemento de certas capacidades infantís (a socialización, a comunicación e a imaxinación) e as clasificacións internacionais situárono no eixe correspondente a outros problemas ligados ao desenvolvemento, como o atraso mental. Acuñouse o termo Trastornos Xeneralizados do Desenvolvemento





*Manuel Posada de la Paz, M.J. Ferrari, E. Touriño, L. Boada*

(TXD), un termo non moi afortunado, xa que non “todo” desenvolvemento se ve afectado, pero que aínda se mantén nos manuais vixentes.


Na actualidade, o Autismo concíbese coma un trastorno neuropsiquiátrico, de causa descoñecida e que se presenta como unha ampla variedade de expresións clínicas, que son o resultado de disfuncións multifactoriais do desenvolvemento do sistema nervioso central.


Nos últimos anos incorpórase o termo **TRASTORNOS DO ESPECTRO AUTISTA (TEA)** (7). Ademais dos aspectos xa aceptados na denominación TXD, o termo TEA resalta a noción dimensional dun “continuo” (non unha categoría) no que se altera cualitativamente un conxunto de capacidades na interacción social, a comunicación e a imaxinación. Esta semellanza non é incompatible coa diversidade do colectivo: diversos trastornos; diversa afectación dos síntomas clave, desde os casos máis acentuados a aqueles con trazos fenotípicos lixeiros; desde aqueles casos asociados a Discapacidade intelectual marcada a outros con alto grao de intelixencia; desde uns vinculados a trastornos xenéticos ou neurolóxicos a outros nos que aínda non somos capaces de identificar as anomalías biolóxicas subxacentes.

O termo TEA facilita a comprensión da realidade social destes trastornos e impulsa o establecemento de apoios para as persoas afectadas e os seus familiares. Con todo, para a investigación é imprescindible a utilización de clasificacións internacionais, o establecemento dos subgrupos específicos nos que se describan as súas características de forma apropiada e diferenciada.

Dispoñemos hoxe de dous sistemas de clasificación diagnóstica: un, o establecido pola Asociación Psiquiátrica Norteamericana: o *Manual Diagnóstico e Estatístico de Trastornos Mentais* (DSM), que se atopa na súa cuarta versión revisada e que constitúe o sistema máis utilizado para a investigación internacional de calidade; e outro, o desenvolvido pola Organización Mundial da Saúde: a *Clasificación Internacional de Enfermidades* (CIE), na súa décima versión, que se utiliza de xeito oficial para codificar as enfermidades en moitos países. Ao construírse o DSM-IV, en cuxo estudo de campo se incluíron casos de España e de moitos outros países, buscouse a converxencia de criterios coa CIE, a fin de permitir a comparación dos futuros estudos de investigación e minimizar o risco de que as persoas recibisen diagnósticos diferentes (coa incerteza consecuente nas persoas afectadas e nos seus familiares). Como resultado, as categorías diagnósticas recollidas no DSM-IV TR axústanse perfectamente nos seus criterios ás categorías idénticas que aparecen na CIE 10. Este último sistema, o da Organización Mundial da Saúde, inclúe con todo algunhas outras categorías de dubidosa validez, que se pode anticipar que van desaparecer en futuras edicións.

Por outra banda, merece a pena destacar que a Organización Mundial da Saúde aceptou, grazas precisamente a unha iniciativa nacida en España, e que foi apoiada por numerosos expertos mundiais a través de Autismo Europa, o





### *O diagnóstico temperán do Autismo e a investigación epidemiolóxica...*


incluír as consecuencias de trastornos como o Autismo na súa nova *Clasificación de Funcionamento, Discapacidade e Saúde* (CIF), aprobada no ano 2001. Deste xeito, as persoas con estes problemas poden ser consideradas oficialmente discapacitados e tributarios de todas as accións compensatorias que unha sociedade non discriminatoria garante a todos os seus cidadáns e cidadás.

### **Propostas sobre a Etioloxía do Autismo**

Ata os anos sesenta, o Autismo atribuíase a factores afectivos inadecuados do neno coas súas figuras de crianza, especialmente coa nai. O primeiro estudo en achegar unha explicación psiconeurobiolóxica foi realizado en 1964 (8). No mesmo, o Autismo presentábase coma un trastorno dos sistemas cerebrais encargados de regular o arousal e a atención. Máis tarde empeza a estenderse a idea da existencia dun déficit cognitivo, principalmente lingüístico, orixinado por algunha alteración neurobiolóxica e realízase o primeiro estudo dirixido a demostrar a relevancia dos factores xenéticos. Desde o marco da neuropsicoloxía cognitiva, outras teorías contribuíron tamén á explicación causal do Autismo.

Actualmente existen múltiples evidencias da implicación de factores xeneticobiolóxicos na patoxénese do Trastorno Autista baseadas en:

- **Observacións neurobiolóxicas.** Os Nenos Autistas presentan maior incidencia de anomalías físicas, persistencia de reflexos primitivos e signos neurolóxicos brandos como hipotonía e falta de coordinación motriz. Aparecen crises epilépticas entre un 8-14% dos nenos e nun 20-35% dos adultos, e alteracións frecuentes no electroencefalograma (EEG). Así mesmo, en probas diagnósticas morfofuncionais obsérvanse alteracións en diversas partes do cerebro.
- **Patoloxía perinatal.** Describiuse unha maior asociación de complicacións obstétricas durante o embarazo e parto de Nenos Autistas, aínda que os trastornos prenatais parecen ser máis relevantes na etioloxía do Autismo.
- **Factores xenéticos.** A prevalencia do Autismo en xemelgos monócigóticos está entre 60-90%, mentres que nos irmáns é do 2-4%. Tamén se describiu unha maior prevalencia dalgún tipo de TXD ou TEA entre irmáns, oscilando estas cifras entre un 6-9%. Así mesmo, outros membros da familia presentan unha maior prevalencia de trastornos cognitivos ou da linguaxe. Tamén se viron en Nenos Autistas alteracións cromosómicas ou de determinados xenes implicados na regulación dalgunhas funcións cerebrais. Por outra banda, é frecuente a aparición do Autismo asociado a diversas patoloxías de base xenética, como a esclerose tuberosa entre o 17 e o 60% dos nenos, e na síndrome X fráxil entre o 3-25% dos nenos.




- **Factores neuroanatómicos e neuroquímicos.** Un terzo dos Nenos Autistas teñen niveis incrementados de serotonina plasmática e de ácido homovalínico no líquido cefalorraquídeo (LCR), aínda que estes achados non son específicos. No 40% dos casos demostrouse a existencia de autoanticorpos para os receptores A1 da serotonina e estes nenos padecen con máis frecuencia enfermidades autoinmunes. Tamén se atoparon alteracións estruturais cerebrais no lóbulo frontal e temporal, cortiza cerebral, cerebelo, amígdala e hipocampo e diminución das células de Purkinje.
- **Factores ambientais.** Aínda que non existen probas concluíntes, os efectos biolóxicos de certos metais pesados como o mercurio, cobre e chumbo, ou contaminantes químicos persistentes tales como os bifenilos policlorados (PCB) e as dioxinas, están sendo foco de atención en moitos estudos multicéntricos como factores de risco na alteración do desenvolvemento neurocondutual do neno e por extensión no Autismo. Tamén se implicou á vacina tripla vírica (sarampelo, rubéola, parotidite), na actualidade descartada (9), non tanto polos efectos da vacina en si mesmos, senón polos dalgúns conservantes derivados do mercurio (thiomerosal), que foron utilizados nalgunhas partidas destas vacinas no pasado. Esta última posibilidade pon en evidencia a preocupación pola presenza de factores ambientais na orixe destes trastornos.

### Ferramentas Diagnósticas

Hoxe en día, o diagnóstico debe basearse en polo menos dous niveis sucesivos de actuacións. Nun primeiro nivel trataríase de buscar dentro da poboación sa infantil unha serie de signos de alta probabilidade, para pasar a unha segunda fase onde se levarían a cabo unha serie de probas diagnósticas de tipo xenético, bioquímico, de neuroimaxe e neurofisiolóxicas, que nos permitirían descartar outras patoloxías, rexistrar o caso e, en definitiva, alcanzar un diagnóstico clínico. Ao mesmo tempo, deberíase proceder a unha estrita avaliación psicolóxica, que permitiría identificar todas as características do suxeito, utilizando para iso todo un conxunto de cuestionarios e probas psicométricas encamiñados a realizar unha valoración máis precisa. Como se pode observar, alcanzar un diagnóstico non é algo que poida realizar un só especialista, senón que se precisa da colaboración dun equipo multidisciplinar. Quizais esta sexa unha das razóns polas que os centros dependentes das asociacións atoparon unha boa aceptación entre os familiares. Sen dúbida, a coordinación multidisciplinar é máis difícil de lograr nun sistema público de saúde que non se organizou para iso. Os signos que se buscarán nesa primeira fase de sospeita na poboación sa infantil son múltiples, pero ningún é específico (Táboa 1).

Durante os últimos anos elaborouse un gran número de probas que axudan ao diagnóstico destes casos. Moitas destas probas só se poden aplicar a



*O diagnóstico temperán do Autismo e a investigación epidemiolóxica...*


partir de certa idade, outras son cumprimentadas polos pais, e noutros casos a información obtense a partir da observación do caso por parte dun profesional (Táboa 2).


**Táboa 1. Posibles indicadores de Autismo**

Non sinala nin fai xestos a partir do ano de idade.  
 Non di palabras soltas a partir dos 16 meses.  
 Non combina dúas palabras a partir dos dous anos  
 Non responde ao seu nome.  
 Perda de linguaxe ou de habilidades sociais.  
 Non establece un contacto visual adecuado.  
 Excesivo interese en aliñar os xoguetes ou outros obxectos.  
 Non xoga con xoguetes de forma apropiada.  
 Obsesiónase cun obxecto ou xoguete concreto.  
 Non sorrí.  
 Ás veces parece xordo.

**Táboa 2. Cuestionarios de Avaliación máis utilizados**

<b>Cuestionarios de Avaliación Diagnóstica</b>	
ADI-R	Autism Diagnostic Interview-Revised. Autism Diagnostic
ADOS-G	Observation Schedule-Generc. Diagnostic Interview for
DISCO	Social and Communication Disorders. Childhood Autism Rai-
CARS	ting Scale.
<b>Cuestionarios de Avaliación Psicolóxica</b>	
WPPSI-R	Wechsler Preschool and Primary Scale of Intelligence-Revised.
WISC-	Wechsler Intelligence Scale for Children. Stanford-Binet Inte-
IIISBISMSELLIPS	lligence Scale. Mullen Scales of Early Learning. Letter Inter-
VABSPPVT-RRDLS	national Performance Scale. Vineland Adaptive Behaviour
	Scale. Peabody Picture Vocabulary Test-Revised. Reynell
	Developmental Language Scales.
<b>Cuestionarios de Avaliación de Terapia Ocupacional</b>	
VMIPDMSSIPT	Visual Motor Integration. Peabody Developmental Motor Sca-
	les. Sensory Integration and Praxis Test.
<b>Cuestionarios de Avaliación Funcional</b>	
Nisonger CBRFABC	Nisonger Child Behaviour Raiting Form.
	Aberrant Behaviour CheckList.





*Manuel Posada de la Paz, M.J. Ferrari, E. Touriño, L. Boada*


Con todo e para certos estudos de tipo poboacional, os criterios diagnósticos máis recomendados son os utilizados nas definicións das dúas clasificacións internacionais mencionadas DSM-IV-R e CIE-10, que se mostran na Táboa 3.


Táboa 3. **Clasificacións internacionais**

<i>DSM-IV-TR</i>	<i>CIE-10</i>
F84 TRASTORNOS XENERALIZADOS DO DESENVOLVEMENTO	F84 TRASTORNOS XENERALIZADOS DO DESENVOLVEMENTO
F84.0 Trastorno Autista. F84.2 Trastorno de Rett. F84.3 Trastorno desintegrativo infantil. F84.5 Trastorno de Asperger.	F84.0 Autismo infantil. F84.1 Autismo atípico. F84.10 Atipicidade na idade de comezo.
F84.9 Trastorno xeneralizado do desenvolvemento non especificado.	F84.11 Atipicidade sintomática.
	F84.12 Atipicidade tanto na idade de comezo como sintomática. F84.2 Síndrome de Rett. F84.3 Outro trastorno desintegrativo da infancia.
	F84.4 Trastorno hipercinético con atraso mental e movementos estereotipados.
	F84.5 Síndrome de Asperger. F84.8 Outros trastornos xeneralizados do desenvolvemento. F84.9 Trastorno xeneralizado do desenvolvemento non especificado. F88 Outros trastornos do desenvolvemento psicolóxico. F89 Trastorno do desenvolvemento psicolóxico, non especificado.

### **Diagnóstico e Atención Temperá**

Hoxe en día ninguén discute que, dentro da gravidade dos TEA, a intervención temperá é un factor prognóstico moi importante, sempre que esta sexa realizada por servizos especializados e canto antes. A súa maior eficacia preséntase cando se instaura nos dous primeiros anos de vida. Nunha enquisa levada a cabo con 646 familias de Persoas con Autismo polo GETEA (10), para analizar a demora diagnóstica e a valoración das familias sobre o proceso diagnóstico dos seus fillos, detectouse un atraso medio de máis de 31 meses desde a primeira consulta ata a obtención dun diagnóstico aparentemente definitivo de TEA. Aínda que se observa unha tendencia cara a un proceso máis rápido nos diagnósticos máis recentes, esta mellora non é debida a unha detección máis temperá, senón máis ben ao acurtamento do proceso diagnóstico unha vez que os nenos chegan aos servizos especializados. É por iso polo que, nos últimos anos, moitos países con experiencias similares





*O diagnóstico temperán do Autismo e a investigación epidemiolóxica...*

intensificaron os esforzos no desenvolvemento do que poderíamos denominar “modelos de cribado dos TEA”.


Moitas das ferramentas que permiten unha aproximación diagnóstica máis segura teñen unha limitación na idade de aplicación, o que dificulta a súa utilización nunha idade inferior aos dous anos. Doutra banda, sábese que os primeiros signos visibles poden aparecer desde o primeiro ano de vida, aínda que comecen a facerse máis evidentes entre os 24 e os 36 meses de idade, ou que incluso existan algúns cadros clínicos que, despois dun desenvolvemento normal, entran nunha fase de deterioro severo, como ocorre no trastorno desintegrativo infantil. Malia estas dificultades, nos últimos anos desenvolvéronse estratexias de detección, aplicadas xa con certo éxito nalgúns estudos. Devanditas estratexias baséanse en simples sinais de alarma ou en cuestionarios máis estruturados, que se aplican nunha primeira fase do proceso diagnóstico, identificando casos sospeitosos para, nunha segunda fase máis específica, dar un diagnóstico de TEA ou, no seu caso, un diagnóstico alternativo.

A diferenza entre un proceso diagnóstico habitual e este proceso radica, basicamente, no momento no que deben aplicarse as estratexias e na organización que cada proceso demande. Nun proceso diagnóstico normal, o profesional, xeralmente o pediatra no protocolo de control do neno san, pode recoñecer a través dunha serie de signos de alarma un posible caso e derivalo a un servizo especializado, xa sexa público ou privado, para confirmación do mesmo. Doutra banda, o profesional pode ser consultado pola familia por mor doutro problema (relacionado ou non cun TEA), e é a través desta consulta cando se lle presenta a sospeita diagnóstica. Este proceso realízase nun marco sanitario habitual, sen que medie unha estratexia de saúde pública nin un programa protocolizado polo sistema de saúde correspondente.

Pola contra, un programa de cribado é un proceso controlado e estruturado, con patróns establecidos en canto a: tempo, suxeitos de estudo, ferramentas a utilizar, formas de derivación, protocolos estandarizados aplicados durante as diferentes fases do proceso e, sobre todo, cun control de avaliación e unha serie de indicadores que definen e avalían o programa. Unha detección poboacional precoz do trastorno favorecería a atención temperá do mesmo mellorando o seu prognóstico, axudando a unha mellor organización ou optimización dos recursos das institucións públicas, e asegurando a equidade do sistema sanitario.

A maior preocupación que hai na actualidade no mundo científico do Autismo é comprobar se realmente estamos ou non ante unha epidemia de casos, porque de ser así, os custos sociais e médicos que terían que dedicarse á atención desta Discapacidade dispararíanse espectacularmente. Por iso, é urxente identificar os factores de risco do Autismo e vixiar as súas taxas de incidencia anual, a precisión do diagnóstico, a evolución dos casos e a efectividade da implantación dunha atención temperá adecuada. A consecución





*Manuel Posada de la Paz, M.J. Ferrari, E. Touriño, L. Boada*

destes obxectivos permitiría, por unha banda, identificar factores de risco, e por outra, traballar sobre os factores prognósticos dos TEA.

De todas as ferramentas dispoñibles nestes momentos para implantar un programa poboacional de cribado, parece que o Modified Checklist for Autism in Toddlers M-CHAT (11) é o máis apropiado. Trátase dun cuestionario sinxelo de 23 ítems que é reenchido pola familia na sala de espera da consulta, consome pouco tempo e presenta unha sensibilidade e especificidade razoables. Este cuestionario, derivado do Checklist for Autism in Toddlers (CHAT) (12), que se aplicaba a idades inferiores (18 meses) aos dous anos, foi desenvolvido e validado en lingua inglesa polos autores, e unha versión mixta (13) está agora validándose en países como a China nun estudo poboacional cun gran número de suxeitos. En España, o grupo GETEA está tratando de poñer en marcha un estudo multicéntrico en varias poboacións de diferentes comunidades autónomas para validar e probar o seu custo-efectividade.


### **Outras Enfermidades que cursan con Autismo**


Como xa mencionamos con anterioridade, existen outras enfermidades que na súa historia natural cursan con cadros de Autismo máis ou menos típicos. Nestes casos, polo xeral, o Trastorno Autista adoita agravar o cadro clínico típico da enfermidade básica, que en xeral non ten tratamento etiolóxico nin curador e que, na maioría dos casos, supoñen unha dificultade engadida para o diagnóstico de TEA, e tamén para o prognóstico, ao ter a Discapacidade sobreengadida da enfermidade de orixe. Na Táboa 4 menciónanse algunhas destas patoloxías, a maioría delas de orixe xenética.

**Táboa 4. Enfermidades asociadas co Autismo**

- |                           |                               |
|---------------------------|-------------------------------|
| • Síndrome de X-Frágil    | • Síndrome de Turner          |
| • Esclerose Tuberosa      | • Síndrome de Down            |
| • Neurofibromatose tipo I | • Síndrome de Tourette        |
| • Fenilcetonuria          | • Síndrome de Angelman        |
| • Parálise cerebral       | • Síndrome de West            |
| • Rubéola conxénita       | • Síndrome de Landau-Kleffner |
| • Síndrome de Sotos       | • Síndrome de Williams        |
| • Síndrome de Joubert     |                               |

Os programas de cribado, sen dúbida, deberían detectar estouttras patoloxías, pero o habitual é que a enfermidade orixe se manifeste antes dos dous anos, e o diagnóstico da mesma sexa, polo tanto, anterior á manifestación dos síntomas Autistas. A frecuencia de comorbilidade destas enfermidades co





### *O diagnóstico temperán do Autismo e a investigación epidemiolóxica...*

Autismo é variada, pero deberíase prestar atención a esta posibilidade, e incluír un seguimento do caso adecuado que permita identificar un Trastorno Autista asociado ante a menor sospeita. Sen dúbida a posibilidade de que esta aplicación sexa custo-efectiva está case asumida polo simple aumento da prevalencia do Autismo, que fai que a ferramenta de detección utilizada, aínda coa mesma sensibilidade e especificidade, teña un maior rendemento diagnóstico en termos de probabilidade predictiva positiva.

#### **Trastorno Desintegrativo Infantil, Síndrome de Rett e Síndrome de Asperger**

Estes cadros malia estar integrados nos TXD merecerían unha mención aparte debido ás súas características específicas.


No marco do obxectivo desta revisión, estas tres síndromes supoñen un reto para calquera programa de cribado poboacional. Por unha banda, a síndrome de Asperger presenta manifestacións menos visibles e mais tardías; por outra banda, o trastorno desintegrativo presenta un período de desenvolvemento normal antes de producirse un deterioro progresivo; o mesmo ocorre coa síndrome de Rett, que tras unha etapa de desenvolvemento normal, comeza cunha fase regresiva, e ademais, existe marcador xenético (MECP2).

Para este tipo de síndromes, que se separan da evolución do Autismo denominado típico, aconséllase que o programa de cribado permita unha fase posterior á idade de 30 meses (dous anos e medio) no que o M-CHAT se poida pasar outra vez nas mesmas condicións que aos dous anos. Esta fase intermedia supoñería unha maior complicación para o programa, xa que non sería fácil garantir a súa aplicación completa ao aumentar as perdas co paso do tempo, fundamentalmente porque pasados os dous anos, os controis pediátricos deixan de ser rutineiros. Como non existe un programa de cribado na actualidade e, polo tanto, o diagnóstico está baseado máis en accións por demanda das familias ca en programas sistemáticos controlados, a situación actual non ofrece un panorama moi prometedor, polas consecuencias que supoñen para o atraso diagnóstico, a falta de investigación controlada e un peor pronóstico.

#### **Investigación Epidemiolóxica**

Os métodos desenvolvidos no campo da epidemioloxía, tal e como se coñecen na actualidade, sérvennos para identificar os factores que determinan o desenvolvemento, a distribución e a distinta evolución das enfermidades. No caso do Autismo, é actualmente cando comezan a coñecerse os datos descritivos máis básicos, como a distribución temporal e xeográfica e as características ligadas ás persoas. Con todo, este coñecemento é aínda incipiente debido á dificultade diagnóstica, á variabilidade fenotípica e á falta de experiencia dos profesionais no diagnóstico destes trastornos. En España, os coñe-





*Manuel Posada de la Paz, M.J. Ferrari, E. Touriño, L. Boada*

cementos sobre a epidemioloxía do Autismo son escasos ou case nulos, e a información que temos é nesgada, tanto en termos de selección de casos como na deficiente clasificación diagnóstica dos mesmos.

Os esforzos deberían concentrarse na procura de métodos de clasificación diagnóstica e fenotípica adecuados e cunha alta capacidade predictiva, de maneira que puidesen aplicarse estándares de diagnóstico temperán ou precoz e así poder incidir na mellora das ferramentas terapéuticas actuais. Unha mellora nos métodos de clasificación facilitaríanos iniciar estudos poboacionais, que permitan identificar factores de risco, incluídos os de base xenética e bioquímica e garantiría unha alta taxa de participación nos posibles ensaios clínicos do futuro.

Este esforzo require accións colectivas de profesionais, institucións públicas e privadas e do propio mundo asociativo, similares ás que se intentan desenvolver no GETEA do ISCIII.


### **Conclusiones: Unha Aposta polo Futuro da Investigación nos TEA**

O principal problema do Autismo céntrase no descoñecemento das súas causas e, polo tanto, na súa abordaxe terapéutica. Con todo, existen tamén outros problemas que é necesario tratar a curto e medio prazo, como: a falta de detección do trastorno, debido á escasa formación dos pediatras e educadores, e a escasa utilización das clasificacións diagnósticas internacionais, que impide ter datos sobre a incidencia real dos TEA na actualidade, polo que na nosa contorna resulta difícil afirmar que o número de casos aumentara nos últimos anos.

Para intentar mellorar esta situación a nivel internacional perfeccionáronse ferramentas de cribado e melloráronse os criterios diagnósticos (DSM-IV-TR), así como as probas de avaliación clínica e psicolóxica, que neste momento son as que nos permiten o diagnóstico diferencial con outras patoloxías e a identificación dos diferentes fenotipos existentes nos TXD. Só a partir dunha correcta identificación do número real de casos que aparece anualmente e da vixilancia das súas peculiaridades, poderemos aproximarnos á investigación etiolóxica e terapéutica deste trastorno.


### **Bibliografía**

1. <http://ier.isciii.es/autismo>. Decembro de 2005
2. DÍEZ-CUERVO, J.A. MUÑOZ-YUNTA, J. FUENTES, R. CANAL, M.A. IDIAZÁBAL, M.J. FERRARI, F. MULAS, J. TAMARIT, J.R. VALDIZÁN, A. HERVÁS, J. ARTIGAS, M. BELINCHÓN, J.M. HERNÁNDEZ, J.; MARTOS, S. PALACIOS, M. POSADA DE LA PAZ. *Grupo de estudio de los Trastornos del Espectro Autista. Guía de Buena Práctica para el diagnóstico de los Trastornos del*



*O diagnóstico temperán do Autismo e a investigación epidemiolóxica...*

- Espectro Autista (TEA)*. Aceptado para a súa publicación Rev Neurol. 2005; 41(5): 299-310.
3. M. BELINCHÓN, M. POSADA DE LA PAZ, J. ARTIGAS, R. CANAL, A. DÍEZ-CUERVO, M.J. FERRARI, J. FUENTES, J.M. HERNÁNDEZ, A. HERVÁS, M.A. IDIAZÁBAL, J. MARTOS, F. MULAS, J.A. MUÑOZ-YUNTA, S. PALACIOS, J. TAMARIT, J.R. VALDIZÁN. *Grupo de estudio de los Trastornos del Espectro Autista. Guía de Buena Práctica para la Investigación de los Trastornos del Espectro Autista (TEA)*. Rev Neurol. 2005; 41(6): 371-377.
  4. J.M. HERNÁNDEZ, J. ARTIGAS, J. MARTOS, S. PALACIOS, J. FONTES, M. BELINCHÓN, R. CANAL, A. DÍEZ-CUERVO, M.J. FERRARI, A. HERVÁS, M.A. IDIAZÁBAL, F. MULAS, J.A. MUÑOZ-YUNTA, J. TAMARIT, J.R. VALDIZÁN, M. POSADA DE LA PAZ. *Grupo de estudio de los Trastornos del Espectro Autista. Guía de Buena Práctica para la Detección Temprana de los Trastornos del Espectro Autista (TEA)*. Rev Neurol. 2005; 41(4): 237-245.
  5. L. KANNER. *Autistic disturbances of affective contact*. The Nervous Child, New York, 1943, 2: 217-250.
  6. H. ASPERGER. *Die "autistischen Psychopathen" im Kindesalter*. Archiv für Psychiatrie und Nervenkrankheiten, Berlín, 1944, 117: 76-136.
  7. LORNA WING. *Autistic Spectrum Disorders: An Aid to Diagnosis. Gives a good insight into the criteria for diagnosis of autism*. Published by The UK National Autistic Society, 1993.
  8. RIMLAND, B. (1964). *Infantile autism: The syndrome and its implications for neural theory of behavior*. New York: Appleton-Century-Crofts.
  9. KREESTEN MELDGAARD MADSEN, M.D., ANDERS HVIID, M.Sc., MOGENS VESTERGAARD, M.D., DIANA SCHENDEL, Ph.D., JAN WOHLFAHRT, M.Sc., POUL THORSEN, M.D., JØRN OLSEN, M.D., AND MADS MELBYE, M.D. *A Population-Based Study of Measles, Mumps, and Rubella Vaccination and Autism*. N Engl J Med. 2002 Nov 7;347(19): 1477-82.
  10. *Informe sobre la demora diagnóstica en los TEA*. [http://iierd.isciii.es/autismo/pdf/aut\\_isdd.pdf](http://iierd.isciii.es/autismo/pdf/aut_isdd.pdf). Decembro 2005
  11. ROBINS, D., FEIN, D., BARTON, M., GREEN, J. (2001). *The Modified-Checklist for Autism in Toddlers (M-CHAT): An initial investigation in the early detection of autism and Pervasive Developmental Disorders*. Journal of Autism and Developmental Disorders, 31 (2), 131-144.
  12. BARON-COHEN et al. (2000). *Early identification of autism by the CHAT checklist for Autism in Toddlers (CHAT)*. Journal of the Royal Society of Medicine, 93, pp. 521-525.
  13. VIRGINIA WONG, FRCP, FHKAM, FHKC (Paed), FRCPCH, LAI-HING STELLA HUI, MMedSc, WING-CHEONG LE, MBBS, LOK-SUM JOY LEUNG, MBBS, PO-KI POLLY HO, MBBS, WAI-LING CHRISTINE LAU, MBBS, CHEUK-WING FUNG, MBBS, MRCP and BRIAN CHUNG, MBBS(Hons),






---


*Manuel Posada de la Paz, M.J. Ferrari, E. Touriño, L. Boada*

MRCPHK A Modified Screening Tool for Autism (Checklist for Autism in Toddlers [CHAT-23]) for Chinese Children. PEDIATRICS Vol. 114 Non. 2 August 2004, pp. e166-e176

14. M. POSADA-DE LA PAZ, M.J. FERRARI-ARROYO, E. TOURIÑO, L. BOADA. *Investigación epidemiológica en el autismo: una visión integradora*. Instituto de Investigación de Enfermedades Raras. Rev Neurol. 2005 Ene 15;40 Suppl 1: S191-8.







## TRASTORNOS DO ESPECTRO AUTISTA. UNHA VISIÓN XERAL<sup>1</sup>

Rutger Jan Van der Gaag\*


*Catedrático de Psiquiatría Infantil e Xuvenil.  
Universidade de Nijmegen. Países Baixos*


### RESUMO

*O Autismo é un trastorno do desenvolvemento complexo, de orixe conxénita, xerado durante o proceso de asimilación da información. O trastorno maniféstase en deficiencias recíproco-sociais, problemas coa comunicación verbal e non verbal e formas ríxidas de comportamento e intereses. A presentación clínica pode ser moi diversa. Este artigo trata das distintas capas subxacentes: a xenética, a perturbación funcional do cerebro e a neuropsicloxía diverxente, así como, do discernimento coas tecnoloxías modernas. Este coñecemento permitirá ofrecer unha axuda específica e unha aproximación educativa. O Autismo non se pode curar, pero a través da estimulación e o apoio permanente pódese facer moito máis para mellorar a calidade das súas vidas.*

\* O autor é Catedrático de Psiquiatría Infantil e Xuvenil no Centro Médico Universitario “St.Rad-boud” en Nijmegen (Holanda). Xerente en materia de tratamentos e instrutor en “Karákter” no Centro Universitario de Psiquiatría Infantil e Xuvenil. Está especializado en Psicopatoloxía do Desenvolvemento, especialmente en Autismo, TEA, Trastornos do Comportamento e Adición en adolescentes. Conselleiro en asociacións de pais e pacientes en materia de Autismo en Holanda, Francia e a Unión Sur Africana, que comparte con actividades editoriais e administrativas. Autor, conferenciante e articulista que participou en Congresos e Seminarios a nivel internacional. En novembro de 2005 participou no Congreso Aspanaes 25 Aniversario. Presidente da Comisión do Programa “Autismo Europa” para o Congreso de Oslo 2007.

1. O Profesor Rutger Jan Van der Gaag está extremadamente agradecido a Lorraine Cremers, que lle axudou amablemente a preparar a tradución deste artigo, non exento de dificultades. Pode haber imprecisións, que rogamos nos desculpen.





## *Trastornos do espectro autista. Unha visión xeral*

---

### **Introdución**

O Autismo, denomínase na actualidade como Trastorno do Espectro Autista, que afecta ao desenvolvemento da interacción social, obstaculiza a comunicación verbal e non verbal, a súa relación co complexo mundo que lles rodea, que non entenden, ao proceso da información social, así como, aos seus patróns ríxidos e/ou restritivos do comportamento.

O Autismo existiu desde hai séculos. Hai informes de casos a partir do S. XVIII, pero non había un nome para describilo. A maioría das Persoas con Autismo eran consideradas como atrasadas mentais, raras ou excéntricas. O Dr. Leo Kanner describiu esta Síndrome en 1943, en once nenos, co que hoxe chamariamos Autismo Clásico. Eran nenos reservados, con linguaxe ecolálica, que non falaban ou falaban moi pouco. Tiñan movementos repetitivos ou estereotipados e algúns casos tiñan destrezas ou illotes notables con grandes capacidades. Kanner pensou que eran potencialmente intelixentes, pero que as súas capacidades foron bloqueadas polo Autismo. Este punto de vista foi realmente profético.

Pensouse durante moito tempo que o Autismo e o atraso mental eran dous trastornos sen relación, presentes nun mesmo individuo. Pero como en certas familias que teñen membros con Autismo non hai evidencia de atraso mental, o punto de vista de Kanner está de actualidade unha vez máis.

Kanner indicou claramente que o trastorno era unha consecuencia dunha debilitación orgánica do cerebro.


Desafortunadamente Kanner tamén observou a depresión nos pais. El non o recoñeceu como consecuencia do Autismo. ¡Pola contra pensou que podía ser unha causa! Este punto de vista era dramático e fomentou gran tristura e sensacións infundadas da culpabilidade nos pais.


Case ao mesmo tempo Hans Asperger, en 1944, describiu a raparigos coa mesma característica. Pero había catro diferenzas importantes nas descricións dos casos estudados:

- 1) Falaron cedo, pero non se comunicaron.
- 2) Mostrábanse moi torpes.
- 3) Eran intelixentes, tiñan con frecuencia capacidades notables para as matemáticas, ou un coñecemento enorme en temas tales como astronomía ou dinosauros.
- 4) Asperger convenceuse de que a condición que el describiu era xenética e viu as mesmas características pero máis leves no pai.

### *Evolución do concepto de Autismo*

Pouco despois destas dúas descricións, Sally Provence (Dahl et ao. 1986) e o seu equipo chamaron a atención no desenvolvemento deste Trastorno.





*Rutger Jan Van der Gaag*

Por desgraza durante os anos 50 e aínda na actualidade, nalgúns países, os psicanalistas tratan de culpar aos pais. ¡Malia que non hai evidencias!

Un achegamento máis científico emerxeu a finais dos anos 60, e cada vez tomou máis forza que o Autismo implicaba unha desorde do desenvolvemento cerebral.

Lorna Wing e Judit Gould, en 1979, a través dun estudo epidemiolóxico na área de Camberwell en Londres, atoparon un predominio de catro ata cinco casos de “Autismo clásico” por cada dez mil individuos. Estes datos eliminaban ao Neno con Autismo como causa da depresión dos seus pais. Pero conseguiron aínda máis: atoparon mostras, en ata sete casos máis de individuos con Autismo. Estes casos foron relacionados co que agora denominamos Espectro Autista.

O que Wing e Gould demostraron claramente é que as Persoas cun Trastorno do Espectro Autista teñen problemas en tres áreas:

- Non poden desenvolver habilidades na interacción social recíproca.
- Teñen dificultades na súa comunicación verbal e non verbal.
- Por outra banda, restrinxiron patróns do comportamento e intereses.

Estes síntomas son agora coñecidos como a **Triada de Wing** e son a base para os sistemas de clasificación actual.


Algúns síntomas importantes que foran descritos por Kanner e Asperger non foron incluídos na descrición. Os hiper sensitivos, por exemplo, para o ruído e a luz e o hipo sensitivo para a dor e a temperatura, quentes e fríos.


Wing e Gould descubriron outro feito importante: as Persoas con Autismo poden exhibir comportamentos moi diversos como síntomas nas tres dimensións, por exemplo: con respecto ao contacto social, algúns poden estar moi distanciados e evitan activamente o contacto. Outros poden ser pasivos, responden soamente se son achegados por outros, pero non toman ningunha iniciativa. Pola contra, outros poden ser moi activos en facer contactos, pero son raros nos seus achegamentos, facendo preguntas estrañas como: “¿Ten vostede unha lavadora?” aos descoñecidos no seu primeiro encontro. A falta de reciprocidade social sería a característica común a todos estes comportamentos.

Igual ocorre coa linguaxe, algúns son mudos, outros son moi faladores, pero ningún deles é realmente comunicativo.

Igualmente coa súa imaxinación, algúns teñen unha carencia total da imaxinación, toman todo literalmente e outros teñen demasiada imaxinación e déixanse levar.

¡Aquí a conexión común é outra vez a súa imaxinación, que non lles axuda a regularse nas circunstancias da vida!





### *Trastornos do espectro autista. Unha visión xeral*

Wing e Gould atoparon un cambio nos comportamentos cando o desenvolvemento progresaba. Un neno distanciado pode converterse nun adolescente activo pero raro. Os comportamentos poden tamén variar segundo as circunstancias: ¿distanciado fóra de casa, activo na casa!

Se hai tantas diferenzas, ¿por que falar dunha soa “categoría” de desenvolvemento?

O que unifica todas as expresións clínicas é:

- Incapacidade de desenvolver relacións sociais significativas.
- Entender os sinais sociais no amplo contexto social.
- Regular dun xeito autónomo “o arousal” e os estados afectivos.
- Utilizar a imaxinación para anticipar o que vai a ocorrer

Noutras palabras, hai un regulador neurobiolóxico fundamental, que falla no desenvolvemento da autonomía social.

Xunto cos síntomas típicos, as Persoas con Autismo poden presentar outras consideracións. De cando en vez son síntomas asociados do Autismo: ansiedade, agresión, auto e heteroagresividade, depresión, hiperactividade, ata abuso de sustancias coma unha expresión da desesperación ao non entender o mundo que lles rodea. ¡Ás veces poden ser manifestacións que necesitan atención médica! Por exemplo: epilepsia, desordes de atención deficitaria, inhabilidades de aprendizaxe...


### **Problemas científicos actuais**

Antes de introducirmos en cuestións do tratamento, imos considerar cales son os asuntos científicos actuais.

¿O aumento dos coñecementos causais orgánicos axúdanos a unha mellor comprensión do Autismo? Creo que existiría unha diferenza.

Os últimos descubrimentos científicos son os seguintes: primeiro, progresouse moito describindo as dificultades coas que as Persoas con Trastornos do Espectro Autista se atopan para entender o mundo social onde viven. Simon Baron-Cohen e Uta Frith en 1985, entre outros autores, describiron “as mentes cegas” que teñen as Persoas con Autismo. Carencia dunha Teoría da Mente, pero tamén a forma tan detallada de pensar que lles impide percibir situacións na súa totalidade. Isto relaciónase co concepto da Coherencia Central (Happé & Frith 2006). Finalmente as Persoas con Trastornos do Espectro Autista teñen Funcións Executivas débiles. Isto provoca que teñan que depender doutros cando teñen que planificar e organizar actividades (Schmitz et al. 2006).

En segundo lugar, estase facendo un progreso importante en entender a xenética do Autismo (Narvona & Patino 2002). Ata nun 80% dos casos, o Autismo ten unha causa xenética, pero non se herda como ollos azuis ou



*Rutger Jan Van der Gaag*

marróns. O cadro clínico é o resultado, probablemente, da interacción de máis de sete xenos diversos. Estes xenos expresarían a súa información cando o cerebro aínda está en pleno desenvolvemento.

Poden dar lugar a diversas características clínicas, incluso nos xemelgos monocigóticos, que por definición teñen os mesmos xenos.

Pero tamén hai boas novas. ¡Certos aspectos do pensamento Autista poden ser unha vantaxe! Especialmente nos homes, con un fenotipo suave, a súa forma lóxica e ríxida de pensar levou a grandes avances en tecnoloxía. ¡Unha gran vantaxe para a sociedade desde logo!


*Isto pode ilustrarse cunha pequena broma. É a historia dun helicóptero sobre Seattle. Seattle é unha cidade industrial no noroeste dos Estados Unidos. O Concello da cidade quixo promover o turismo e organizou vós en helicóptero sobre a cidade e a baía. Pero en Seattle o tempo pode ser perigoso, con néboa e choiva. ¡Un día durante un destes vós o tempo púxose mal e a tarxeta do ordenador fallaba! O piloto perdeuse e voaba por aí coa esperanza de atopar un edificio coñecido. No medio da néboa encontrou un edificio alto de oficinas. Comezou a dar voltas ao redor e preguntoulle a un dos pasaxeiros se podía chamar a atención dos traballadores do interior. O turista escribiu a seguinte pregunta nun anaco grande de papel: “¿onde estamos?”. Despois de dúas voltas máis, unha resposta apareceu: “vostede está nun helicóptero”. Para sorpresa dos pasaxeiros, o piloto sabía inmediatamente onde estaba. Dirixiuse cara ao aeroporto onde fixo unha aterraxe segura. “¿Como é posible?”, preguntaron os pasaxeiros. “¡OH é simple, contestou el, só se pode conseguir unha resposta tan lóxica en Microsoft!”.*

¡Entón non só hai miseria no Autismo, aínda que isto non cambia para nada o seu sufrimento e a carga para as súas familias!

En terceiro lugar, hai un gran aumento do predominio do Autismo, ¿unha epidemia?, é difícil afirmalo. As ferramentas de diagnóstico están mellorando moito. Isto fai máis fácil o seu recoñecemento. ¡Pero tamén habería que dicir que a sociedade está cambiando! O contorno social e familiar, as escolas e o traballo é moito máis complexo. Isto fai que as Persoas con Autismo moderado teñan máis dificultades na vida cotiá. Pero, en xeral, non explica completamente o aumento de casos. Entón pode haber factores aínda máis descoñecidos en xogo.


#### *Etioloxía do TEA. Novos descubrimentos*

Hai só dez anos Morton e Frith (1994) propuxeron un modelo de tres niveis de causas: biolóxico, que afecta ao cerebro, cognitivo, que afecta á maneira en que un percibe o mundo e pensa sobre el, e finalmente o compor-



### *Trastornos do espectro autista. Unha visión xeral*

tamento “visible”. Aínda que este esquema agora xa non está de moda, ¿por que?, porque suxire soamente unha dirección. Agora sabemos que non hai unha soa dirección no proceso causal senón a interacción en diversos niveis. O esquema mostra como xenética, cerebro e pensamento interactúan dando lugar ao comportamento e este inflúe no contorno e viceversa.




Xa sinalamos as influencias e diferenzas xenéticas. Agora, ¿que sabemos sobre as funcións básicas do cerebro referente ao Autismo? Varios sistemas e neurotransmisores estarían implicados: a oxitocina é unha hormona que está implicada contraendo o útero despois do parto.

Pero tamén inflúe o comportamento dos pais. Poñendo nerviosos a pais novos, en relación á seguridade do seu fillo, a través de rituais, moitas veces obsesivos. O hipotálamo –pituitaria (hipófise)– eixe adrenocortical é extremadamente importante para facer fronte ao estrés. A serotina e a dopamina están implicadas en regular o pensamento, a ansiedade e a agresión. Todos estes sistemas están desequilibrados en Persoas con Autismo.

Estudos recentes (Winslow 2005) demostránnos que a escaseza de oxitocina en bebés ratos inflúe moito no seu desenvolvemento social. Este gráfico demostra que eles exhiben un comportamento moito menos recíproco socialmente. Por outra parte teñen dificultades para acostumarse, noutras palabras, cada vez que se atopan co mesmo rato reaccionan coma se fose a primeira vez. ¡Esta carencia de costume é un problema que nós tamén coñecemos en Persoas con Autismo!

Este déficit tan básico inflúe no desenvolvemento social temperán en termos de (SEE Alessandri et al.2005):



- Mirada recíproca & mirada monitorizada.
- Atención conxunta.
- Recoñecemento emocional.
- Regulación do afecto.
- Regulación do estado de ánimo.
- Empatía social.


Se observamos un neno sinalándolle un obxecto a súa nai (Charman et al. 1997), seguiría o que está sinalando e comentaríao. Así esta atención que comparten é moi importante para o desenvolvemento da linguaxe. Pero tamén para o desenvolvemento da comprensión de emocións. Hai un experimento agradable no que sentan a un neno e a un dos seus pais mirando a un bacoriño de xoguete, o bacoriño fai repentinamente ruídos divertidos. O neno está asustado e sinalará ao porco, e mirando para riba á cara de seus pais.

Se o pai comeza a rir, tranquilizarse, se o pai parece ansioso, estará asustado. ¡Os Nenos con Autismo non sinalan para pedir, non comparten a atención e non miran para riba á cara do pai para aprender a recoñecer emocións!

Eles teñen una percepción distinta das situacións sociais.


E iso é importante telo en conta cando se trata con Persoas con Trastornos do Espectro Autista. A falta de expresión e acenos é tamén moi prexudicial en Nenos pequenos con Autismo.

Figura 1



As Persoas con TEA tenden a mirar durante o mesmo tempo un debuxo dunha cara boca arriba ou boca abaixo (van der Geest et al. © J. Autism Dev Disord. 32(2): 69-75).

Podemos observar como as persoas miran caras (van der Geest et al. 2002). As persoas “Normais” pasarán a maioría do tempo mirando aos ollos e á boca. Axúdanlle a entender como se sente e como pensa o outro. As Persoas con Autismo non demostran esta preferencia e explorarán caras indistin-




*Trastornos do espectro autista. Unha visión xeral*

tamente. As persoas normais pasarán a maioría do seu tempo mirando á cara en posición vertical. As Persoas con Autismo pasarán o mesmo tempo mirando a cara ao revés.


Podemos agora estudar como as persoas perciben situacións sociais. Un estudo feito por Ami Klin (2002) e o seu equipo en Yale Child Study Center.

Figura 2



Klin A, Jones W, Schultz R, Volkmar F, Cohen D. (2002). *Defining and quantifying the social phenotype in autism*. ©Am J Psychiatry. 159 (6): 895-908

*Podese medirse como as persoas miran situacións sociais. A liña máis clara demostra como os individuos normais seguen a conversación que vai de ollo a ollo. O Adulto, novo e moi intelixente, con Autismo mira a diversas partes da cara e corpo como mostra a liña negra. ¡O máis interesante nos adultos é tamén que a atención conxunta siga sendo moi importante!*




Rutger Jan Van der Gaag

*Observamos a Richard Burton falando dun cadro na parede detrás del. O invitado sinala ao cadro. O espectador normal segue a dirección indicada. Mira ao cadro e xírase cara a Burton. A Persoa con Autismo non mira a Richard Burton en primeiro lugar. E cando segue a dirección sinalada mira todas as pinturas. Está claro que non vai pillar o punto da conversación.*

As técnicas modernas permítennos botar unha ollada nun cerebro mentres que este mira, neste caso: á esquerda a cara e á dereita obxectos. Aquí vense unhas lentes.


Figura 3



¡As persoas neurotípicas procesan as caras co girus fusiforme e os obxectos co girus temporal inferior, mentres que as Persoas con Autismo utilizan o girus temporal inferior para procesar tanto os obxectos como as caras!

Schultz RT, Gauthier I, Klin A, Fulbright RK, Anderson AW, Volkmar F, Skudlarski P, Lacadie C, Cohen DJ, Gore JC. (2000). *Abnormal ventral temporal cortical activity during face discrimination among individuals with autism and Asperger syndrome.* © Arch Xene Psychiatry. 57(4): 331-40.

Aquí vemos unha imaxe do cerebro. Á esquerda observamos gran actividade nas circunvolucións fusiformes nas bases da parte temporal do cerebro. ¡Esta é a rexión que as persoas normalmente activan ao mirar caras! Á dereita vemos unha actividade máis arriba no cerebro. Estas son as partes



### *Trastornos do espectro autista. Unha visión xeral*

activadas ao mirar obxectos. Estas son imaxes do cerebro de persoas normais (á esquerda) e de Persoas con Autismo ao mirar as caras. Descubriuse que as Persoas con Autismo non activan as circunvolucións fusiformes ao mirar as caras. ¡Eles perciben as caras como nós vemos obxectos!

A pregunta é se hai un defecto nas circunvolucións fusiformes das Persoas con Autismo.

¡Os estudos recentes de Schultz (2005) e os seus compañeiros de traballo revélannos feitos fascinantes! Confirman resultados anteriores: as persoas normais activan a rexión fusiforme, cando se lles pregunta se as caras son similares ou non. ¡Eles tamén confirmaron que as Persoas con Autismo non o fan!. Pero non porque non teñan circunvolucións fusiformes, senón porque as utilizan para outros propósitos. A gran sorpresa de Schultz e os seus colaboradores foi que un mozo con Autismo, o cal estaba moi absorto en Pokemon activaba as súas circunvolucións fusiformes, non en presenza de caras humanas, pero si cando miraba ás figuras de Pokemon. Noutras palabras as circunvolucións fusiformes axúdannos a procesar a información que é realmente importante. Para a maioría de nós é información social. Para as Persoas con Autismo isto parece ser diferente.

Agora comprenderemos que as desviacións nestas habilidades, tan básicas de mirar ás persoas e intentar entendelas, terán un impacto no desenvolvemento das habilidades neuropsicolóxicas antes mencionadas. Cando un non está afeito a mirar expresións emocionais das persoas, entón é moi improbable que desenvolva unha teoría da mente. E posteriormente funcións executivas da saúde e unha coherencia central.

Isto ten un enorme impacto no desenvolvemento da intelixencia. Nas Persoas con Trastornos do Espectro Autista hai frecuentemente perfís moi discordantes da intelixencia con aspectos moi débiles (flexibilidade mental) e moi fortes (memoria para os feitos, as capacidades visual-espaciais).


Entón, ¿cales son as consecuencias de todo este coñecemento para a nosa práctica cotiá? ¿Cales son as implicacións para o diagnóstico e o tratamento?

- ¡A diagnose é máis ca unha clasificación!
- As Persoas con TEA teñen dereito a unha valoración completa con instrumentos estandarizados para a elaboración dun perfil do funcionamento a nivel cognitivo, forzas e debilidades emocionais e condutuais.

O perfil do diagnóstico individual debería ser a base para o programa de intervención. O tratamento non cura, pero aumenta a calidade de vida.

As intervencións deberían seguir catro metas:

- 1) Estimular habilidades sociais e comunicativas.
- 2) Promover a flexibilidade.
- 3) Manexar e tratar condutas desafiantes.
- 4) Apoiar a pais, familias e profesionais involucrados.



Estas metas poden ser alcanzadas a través da psico-educación e o adestramento de habilidades comunicativas e sociais.

Pero as Persoas con TEA seguirán dependendo moito da súa contorna. Pais e acompañantes teñen que animalas sempre para utilizar as súas habilidades. Iso só é posible se o mundo é esquemático para eles e iso pódese lograr se se adapta a contorna ás necesidades do paciente en tempo previsible. Que o espazo e forma de traballar sexa esquemática e eficiente, e manter a cantidade de impulsos limitados.

A mellor forma de funcionar para as Persoas con Autismo é en relacións de un en un. O educador ten que adaptarse a eles coma se fose ombreiro con ombreiro e intentar entender o mundo desde a súa perspectiva.

Este “achegamento paralelo” funciona moito mellor que a confrontación directa, a cal soamente aumenta a tensión.

Despois teñen que ensinalles habilidades, estar preparados para empezar de novo cada día (ausencia de xeneralización) e facer énfase nas situacións libres e transicións, que son as máis difíciles de manexar.

Se aparecen problemas de comportamento temos que volver a programas básicos, intentar atopar unha relación funcional entre factores intervinientes e comportamentos desafiantes antes de utilizar medicación (aínda que pode ser útil cando é realmente necesaria).


Temos que ter en conta que os TEA son un estado para sempre e requiren un esforzo tremendo por parte dos pais, que son os que realmente coñecen mellor ao seu fillo e teñen que explicarlles unha e outra vez aos profesionais “cabezóns”. Tamén temos que darlles programas de respiro desde unha idade temperá, por exemplo acollida de fin de semana.

Os TEA teñen moitas caras:

- Anteriormente, a maioría dos individuos con TEA tiñan tamén Discapacidade intelectual.
- Agora coñecemos máis casos e casos máis leves que poden ser diagnosticados na idade adulta, cando a complexidade nas situacións de traballo ou familiares causan angustia en individuos cunha expresión fenotípica leve dun TEA, aínda que funcionan ben mentres a súa vida sexa previsible e estruturada.
- Non hai unha relación directa entre a gravidade do “Trastorno Autista” e a carga emocional.
- Algunhas Persoas con Autismo severo poden ser bastante felices, mentres que Persoas cunha forma leve de Autismo poden sufrir bastante, porque son dolorosamente conscientes de ser diferentes!
- **CON TODO O MAIOR HÁNDICAP É QUE O AUTISMO É INVISIBLE DESDE FÓRA.**

*Trastornos do espectro autista. Unha visión xeral***Bibliografía**

- ALESSANDRI, M.; MUNDY, P.; TUCHMAN, R.F. (2005). *The social deficit in autism: focus on joint attention*. Rev Neurol. 15;40 Suppl 1: S137-41.
- ASPERGER, H. (1944). *Die 'autistische Psychopathen' in Kindesalter*. Archiv für Psychiatrie und Nervenkrankheiten. 117, 76-136.
- BARON-COHEN, S. (1991). *The development of a theory of mind in autism: deviance and delay?*. Psychiatric Clinics of North America. 14(1): 33-51.
- CHARMAN, T.; SWETTENHAM, J.; BARON-COHEN, S.; COX, A.; BAIRD, G.; DREW, A. (1997). *Infants with autism: an investigation of empathy, pretend play, joint attention, and imitation*. Dev Psychol. 33(5): 781-9.
- DAHL, E.K.; COHEN, D.J.; & PROVENCE, S. (1986). *Clinical and Multivariate approaches to the nosology of Pervasive Developmental Disorders*. Journal of the American Academy of Child Psychiatry, 25(2), 170-180.
- HAPPE, F.; FRITH, U. (2006). *The Weak Coherence Account: Detail-focused Cognitive Style in Autism Spectrum Disorders*. J Autism Dev Disord. 2006 36(1): 5-25.
- KANNER (1943). *Autistic disturbances of affective contact*. Nervous Child, 2, 217-250.
- KLIN, A.; JONES, W.; SCHULTZ, R.; VOLKMAR, F.; COHEN, D. (2002). *Defining and quantifying the social phenotype in autism*. Am J Psychiatry. 159(6): 895-908
- MORTON & FRITH (1995) in *Manual of Developmental Psychopathology: Theory and Methods* Vol 1. Dante Cicchetti, Donald J. Cohen (Eds) Wiley NY.
- NARBONA, J.; PATINO, A. (2002). *Genetic studies in communication disorders* Rev Neurol. 1-15;35(1): 32-6.
- SCHMITZ, N.; RUBIA, K.; DALY, E.; SMITH, A.; WILLIAMS, S.; MURPHY, D.G. (2005). *Neural correlates of executive function in autistic spectrum disorders*. Biol Psychiatry. 59(1): 7-16.
- SCHULTZ, R.T.; GAUTHIER, I.; KLIN, A.; FULBRIGHT, R.K.; ANDERSON, A.W.; VOLKMAR, F.; SKUDLARSKI, P.; LACADIE, C.; COHEN, D.J.; GORE, J.C. (2000). *Abnormal ventral temporal cortical activity during face discrimination among individuals with autism and Asperger syndrome*. Arch Gen Psychiatry. 57(4): 331-40.
- SCHULTZ, R.T. (2005). *Developmental deficits in social perception in autism: the role of the amygdala and fusiform face area*. Int J Dev Neurosci. 23(2-3): 125-41.
- VAN DER GEEST, J.N.; KEMNER, C.; CAMFFERMAN, G.; VERBATEN, M.N.; VAN ENGELAND, H. (2002). *Looking at images with human figures: comparison between autistic and normal children*. J Autism Dev Disord. 32(2): 69-75.






---


*Rutger Jan Van der Gaag*

WING, L.; GOULD, J. (1979). *Severe impairments of social interaction and associated abnormalities in children: epidemiology and classification*. Journal of Autism and Developmental Disorders. (1): 11-29.

WINSLOW, J.T. (2005). *Neuropeptides and non-human primate social deficits associated with pathogenic rearing experience*. Int J Dev Neurosci. 23(2-3): 245-51.







## O DEREITO AO TRABALLO DAS PERSOAS CON AUTISMO<sup>1</sup>

Cipriano Luís Jiménez Casas\*

*Psiquiatra e Psicanalista*

### RESUMO

*Se hai 15 ou 20 anos, nos fixésemos a pregunta ¿Unha Persoa con Autismo é capaz de realizar un traballo?, probablemente a resposta sería que non, que unha Persoa con Autismo ou con Trastornos do Espectro Autista, tal como actualmente se denomina esta síndrome, sería incapaz de ter un traballo, unha ocupación.*


*¿Onde radicaba o problema? Evidentemente nas nosas propias incapacidades ao non saber, que ás Persoas con Autismo, como a nós mesmos nos sucede, hai que ofrecerlles, facilitarlles, toda unha serie de propostas e ver cales son as que eles elixen e mellor se adaptan ás súas preferencias, aos seus gustos e posibilidades. O mesmo que nos sucede a nós, cando aínda existe a posibilidade de poder elixir un traballo.*


### Introdución

Cando nos preguntan por que nos dedicamos ao problema do Autismo, respondemos que é útil e apaixonante sentirse atraído polas diferenzas. Ser, como di Theo Peeters, un “aventureiro mental” e “ter o valor de traballar só

1. Traballo presentado no Congreso ASPANAES 25 aniversario, celebrado os días 4, 5 e 6 de novembro de 2005 no Auditorio de Galicia en Santiago de Compostela e correspondente á Mesa: *Persoas Adultas con Autismo: Alternativas de Actividade Laboral*.

\* Licenciado en Medicina e Cirurxía con grao pola Universidade de Santiago de Compostela. Especialista en Psiquiatría polas Universidades de Madrid, Lausanne e Xenebra. Didacta da Asociación Española de Psicoterapia Psicanalítica (AEPP). Presidente da Federación Autismo Galicia. Director da revista *Maremagnum*. Director do Proxecto CAMI III (Interreg IIIA de Cooperación Transfronteiriza Galicia-Norte de Portugal). Membro do Comité Técnico da Confederación Autismo España. Director Xeral da Fundación Menela. Escritor, conferenciante e poñente en Congresos e Seminarios Nacionais e Internacionais.





### *O dereito ao traballo das persoas con autismo*

no deserto”. A formación neste campo nunca se acaba e como tamén apunta T. Peeters, “o profesional que desexa estar no seu pedestal non é necesario no campo do Autismo”.

O dereito ao traballo das Persoas con Autismo ten que ser un dereito fundamental. O traballo a realizar ten que ser: significativo e variado e que teña sempre en conta as súas dificultades persoais. O traballo proposto non debe ser imposto de forma brusca e inoportuna. O traballo convén que sexa colectivo, serio, de calidade, rigoroso e que faga o percorrido de: **Facer con a facer coa mirada de... Hai que propoñer e non impoñer... Hai que dar...e deixar coller**. O traballo é unha **Lei para todos**. Non se pode concibir a verdadeira integración se non é a través do traballo.

As Persoas con Autismo, co noso acompañamento e axuda, teñen que descubrir os seus desexos, evitando así o medo ao traballo (á aventura laboral), que en non poucos casos provoca.

A orixe etimolóxica da palabra “traballo”, non é certamente, esperanzadora. Remítenos a termos como: dolor, sufrimento, tortura.

#### **¿Por que un traballo?**


As preguntas que sempre nos facemos son: ¿Por que un traballo? ¿Que tipo de traballo? ¿E como propoñer o traballo?

Sen a acción transformadora do traballo o ser humano e a sociedade tal como a coñecemos serían inconcibibles. Un traballo sen perigos, definindo moi ben os límites e as prohibicións. Un traballo estruturado e planificado, en lugares apropiados. Un traballo que respecte o **principio de verdade e realidade**. As Persoas con Autismo son especialmente sensibles á mentira, ao desprezo e á hipocrisía das nosas actitudes.

Polo tanto o traballo ha de ser verdadeiro, real, personalizado, significativo, controlado, estruturado e acompañado<sup>(1,2)</sup>.

Aparentemente, o traballo que realiza unha Persoa con Autismo e o seu monitor de acompañamento podería evidentemente realizalo este último só. Pero estamos a crear emprego, o da Persoa con Autismo e o do seu monitor, aínda que pareza dunha forma ficticia. Non obstante, a distinción entre emprego ficticio e real non sempre está clara, por que hai que ter en conta factores cualitativos, e non só o volume bruto de produción.

1. O traballo como di Armand Lemal: “... Atrapa e libera ao home e desbórdao, incluso no sentido do que produce e do que contribúe, máis aló do individuo...non é un fin en si mesmo senón máis ben o contrario, un medio de integración social de progreso e de fatiga individual...”
2. O traballo tal como xa dicía Freud en 1929/1930, na súa obra: *O malestar na cultura...* “Despois de que o home... descubriuse que estaba na súa man... mellorar a súa sorte sobre a terra mediante o TRABALLO, non puido serlle indiferente que outro traballase con el...así o outro adquiriu o valor do colaborador, con quen era útil vivir en común...”



Un deses factores cualitativos é precisamente a distribución do emprego, que na fase histórico-económica na que nos atopamos, post-industrial e globalizada, teñen que desenvolver e implantar criterios e valores diferentes aos da pura produtividade, como poden ser: o respecto ao medio ambiente, a calidade de vida, o valor da produción artesanal ou a agricultura biolóxica, entre outros. Isto significa unha recuperación, aínda que parcial, importante, dos modos de traballo tradicionais, moitas veces enriquecidos con coñecementos científicos que a sociedade tradicional non tiña.

Os que traballamos con Persoas con Discapacidade (particularmente Persoas con Autismo), temos que estar atentos e intervir neste proceso de globalización e post-industrial, deseñando e participando na transformación (que en boa medida pode ser recuperación) do sistema de produción, de modo que o traballo dunha Persoa con Autismo chegue a ser nun futuro necesario e imprescindible, achegando ese valor engadido de incidir nun mellor nivel de saúde e polo tanto nunha mellor autonomía e calidade de vida<sup>(3, 4, 5)</sup>.

### **Traballo e Persoas con Autismo: un Debate necesario**

Na década dos 80/90, en cada Congreso sobre a problemática das Persoas con Autismo, o discurso estaba centrado fundamentalmente nas teorías que nos ofrecen unha maior comprensibilidade en relación a esta Síndrome, o Autismo, por outra parte tan enigmática, tal como lle chamou a autora británica U.Frith. A Teoría da Mente, a Función Executiva e posteriormente a da Coherencia Central, fóronse revisando e contrariamente ao que se podía pensar cada unha delas tiña a súa parte de razón. Con todo, o enigma aínda segue e poderíamos dicir que o Autismo constitúe un reto, un problema de continuo debate, sobre o cal aínda existen moitas lagoas e incógnitas.

Pero a vida segue e os/as nenos/as que asistían ás Escolas de Educación Especial, irremediabilmente, íanse facendo maiores. Había, polo tanto, que habilitar Centros para Persoas Adultas con Autismo. En España, non había moitas experiencias ás que poder imitar, e non digamos en Galiza. CASTRO NAVÁS foi o primeiro Centro na Galiza e un dos primeiros en España, que puxo en práctica un proxecto como lugar de traballo. Posteriormente, sería imitado por outros Centros que estaban a punto de poñerse en marcha.

3. “Ningunha outra técnica de condución da vida liga ao individuo tan firmemente á realidade, como a insistencia no TRABALLO...o TRABALLO é pouco apreciado como vía de cara á felicidade polos seres humanos...desta natural aversión dos homes ao TRABALLO, derivan os máis difíciles problemas sociais...” (Freud, 1927, *O Porvir dunha ilusión*).
4. Estas ideas, esta especie de filosofía (teoría), sobre o traballo, sobre *O Dereito ao Traballo das Persoas con Autismo*, non é un invento, non é ningunha orixinalidade. A orixinalidade –tal como dicía Freud– é infrecuente, case que todo, ou é repetición ou esquecemento.
5. “Toda cultura descansa na compulsión ao TRABALLO e na renuncia do pulsional e por iso inevitablemente, provoca oposición nos afectados por tales requirimentos...” (Freud, 1927, *O Porvir dunha ilusión*).

### *O dereito ao traballo das persoas con autismo*

---

Lembro o que me dicía Ricardo Touceda, ex-presidente de ASPANAES aló polos anos 1995/96:

–¿Por que non me mandas algún monitor que saiba algo de agricultura?

–Pois, afortunadamente, dicíalle eu (xa rematamos o primeiro Proxecto HORIZON 1993-95), temos un monitor de FP agropecuaria, que formamos en Autismo, fundamentalmente desde o punto de vista práctico, convivindo cos nosos rapaces e rapazas, e cun curso teórico sobre as Persoas con Discapacidade, especialmente Persoas con Autismo.

–Este monitor podía así, adecuadamente, poñervos en funcionamento un invernadoiro. Así foi, e hai que dicilo, como todos fomos aprendendo os uns dos outros.


O programa europeo HORIZON, aprobado en 1991, tiña por obxectivo financiar proxectos transnacionais que promovesen a integración social e profesional das Persoas con Discapacidade. Consistía nunha Iniciativa de Emprego e Desenvolvemento de Recursos Humanos, que en Galiza, a través dos proxectos CASTRO NAVÁS (1995/1997) e AUTISMO GALIZA (1998/1999), aplicamos a: formar monitores laborais de acompañamento e formación de Persoas con Autismo, nos sectores agropecuario e servizos (lavandería) no HORIZON II, e hostalería e saúde integral (fisioterapia) no HORIZON III.

Nestes dous proxectos participaron países como: Francia, Bélxica, Portugal, Irlanda, España (Madrid - Novo Horizonte), posteriormente, no segundo proxecto integráronse: Italia, Grecia e España (Autismo Burgos e La Garriga - Barcelona), quedando fóra Irlanda. Unha vez pasado xa certo tempo, ou polo menos un tempo suficiente, a experiencia foi altamente positiva.

Unha pregunta andaba sempre dando voltas: ¿Por que se traballa?, a maioría das persoas contestan que “para gañar a vida”, outros engaden “para sentirme útil” e “porque non soportaría quedarme só na casa” ou tamén “por vocación”. Á marxe da necesidade de percibir un salario, a actividade laboral tamén implica un recoñecemento social (ser útil), a necesidade de pertencer a un grupo (non estar só), e a necesidade de realizarse (a vocación).

Na maioría dos países occidentais, as Persoas con Discapacidade reciben unha pensión, que en principio tería que cubrirlles as súas necesidades económicas. Non precisarían traballar, a pesar de que esa axuda, claro está, non as sitúa no grupo das persoas moi ricas. Aínda así, ao igual ca as persoas enfermas ou desempregadas, pertencerían á categoría das persoas asistidas pola sociedade. Á condición de Persoa con Discapacidade engádese a condición de debilidade.

Un dos obxectivos que se planearon nos proxectos HORIZON, non foi soamente conseguir un salario en lugar de axudas para as Persoas con Autismo, senón que pretendiamos implicalas nunha actividade que puidese cubrir-



*Cipriano Luís Jiménez Casas*

lles esas necesidades, anteriormente nomeadas, de recoñecemento social, pertenza e realización, o mesmo que acontece na maioría dos seres humanos.

Os nosos referentes foron os Centros de La Bourgette e o Gran Real de Aix-en-Provence (Francia). Posteriormente Mas Casadevall (Girona) e Castro Navás (Galiza), debatemos ideas, mantivemos correspondencia e mesmo saberes e dificultades, que a día de hoxe aínda continúan.

### **Traballo, Emprego e Calidade de Vida**

Freud, dicía e dicía ben: “ Hai tres profesións imposibles: a cura, a educación e o goberno dos pobos. Unha maneira dicía el, de introducir a dúbida na pedagogía e a subversión na orde médica. A orde normativa enfróntase á verdade do desexo. Este asunto é o da análise, pero tamén a creación e a invención son as únicas que poden dar vida ao corpo atónito da pedagogía e da medicina”.


A esta reflexión de Freud, eu engadiría que tamén o traballo resulta imposible. Por iso estamos no momento de aclarar, ser honestos, e explicar con humildade, cal é a nosa realidade e como teríamos que desenvolver novas ideas con rigor e tranquilidade de cara a un futuro que se nos antolla complexo.


A pregunta do millón: ¿Cales deberían ser as axudas concretas que unha Persoa con Autismo precisa ter dentro dun medio social, tamén determinado? A práctica, a experiencia, pode corrixir e corrixe posicións teóricas cuxo carácter dista moito de ser inmutable e que só valen como ferramentas para a busca de mellores obxectivos.

Malia que cada vez a “educación especial” cos/coas Nenos/as con Autismo funciona mellor e utilízanse métodos e ferramentas máis apropiados, temos que pensar que hai que seguir progresando na idade adulta. Os pais, máis dunha vez, tenden a crer que xa fixeron todas as apostas, aínda que os sentimentos de culpabilidade non quedasen superados.

Os pais séntense incapaces de dar respostas ás necesidades dun adulto fisicamente san e vigoroso. A situación familiar pode resultar dramática se os servizos de atención ao adulto non resolven programas de formación de cara a un traballo profesional, ou que non se ofrezan posibilidades de empregos adaptados e con apoio. As Persoas Adultas con Autismo, inactivas e aburridas, crean non poucos problemas de comportamento, polo que a maioría das veces recórrese a solucións extremas ou a prescricións farmacolóxicas, como únicas estratexias que conseguen contemplar para controlar a situación. Acontece, moitas veces, que as familias ante o sufrimento do seu fillo/a prefiren coidalo na casa. Non obstante, esta solución pode crear un auténtico desacougo e obsesión por querer sobrevivirle, para deste xeito non ter que abandonalo na soidade e na marxinación.

A angustia da familia, fronte a ese futuro incerto, podería aliviarse coa programación e colaboración entre servizos, institucións, familias e a partici-





### *O dereito ao traballo das persoas con autismo*

---

pación das persoas implicadas. A creación, polo tanto, de Centros de Traballo, chamémoslle Ocupacionais, Protexidos ou de Día con Actividades Ocupacionais faise máis ca necesaria.

A terminoloxía existente en relación ao tema Persoas con Autismo e Centros de traballo antóllasenos múltiple, variada, complexa, por non dicir, ás veces, confusa, cando non prepotente. Todos nós utilizamos termos que co tempo tivemos que ir corrixindo, abandonando ou adaptando en función da propia realidade, que é en definitiva a que nos vai marcando o camiño a seguir.

Noutras ocasións vémonos obrigados a cualificar os nosos Centros non coa cualificación que desexariamos, senón en función das partidas económicas que recibimos da propia Administración. Un Centro, por exemplo, Ocupacional recibe unha asignación determinada, que resulta menor que se o cualificamos de Centro de Día. Un Centro Ocupacional resúltalle a moitas institucións máis idóneo e menos perigoso ca un Centro Especial de Emprego, que comporta moitos máis riscos. Seguramente, como ten acontecido ao longo da historia, estamos a empregar un discurso senón ambiguo, polo menos, contradictorio. O que gañamos por un lado en orzamentos, perdémolo en credibilidade.


#### **Ocupación - Traballo - Emprego**

En relación ao gran debate, que concirne ao traballo para Persoas con Autismo, se repasásemos os termos que nós mesmos, os que aquí nos atopamos, temos empregado ao longo destes últimos anos, atopariámonos nunha auténtica “confusión”, así temos: TRABALLO - OCUPACION - EMPREGO CON APOIO - EMPREGO PROTEXIDO - EMPREGO COMPETITIVO - Integración Laboral - Centro Formativo Ocupacional - Centros de Actividades Pre-Vocacionais - Traballo con Apoio - Programas de Día como marco ao Acceso ao Mundo Laboral - Talleres Protexidos... Seguramente esquecín outros termos, que algún de vostedes lembrará mellor ca min.


A Autism Society of América advírtenos que, actualmente, nos Estados Unidos non hai ningún mandato que determine e dispoña de programas ou servizos para Persoas Adultas con Autismo. Isto significa que cada estado ofrece diferentes tipos de programas, polo que as familias teñen que dirixirse ás axencias estatais, que lles permitan obter a mellor información, que poida axustarse ás condicións do seu fillo/a.

No que se refire ao EMPREGO, os americanos diferencian tres tipos de categorías:


**Emprego Protexido:** soamente orientado para traballadores con Discapacidade. Estes talleres están supervisados por unha persoa da axencia que recibiu o contrato de traballo ou pola que manexa dito taller. Son talleres



*Cipriano Luís Jiménez Casas*



RICARD TERRÉ (1999)



### *O dereito ao traballo das persoas con autismo*

---

que ofrecen oportunidades de adestramento en capacidades específicas para un traballo dentro dun ambiente moi estruturado. Dentro do Emprego Protexido existen Centros de Actividade Pre-Vocacional, de cara á integración nun Taller Protexido. As críticas a este tipo de Talleres radican en que os soldos son máis baixos e dependen moito das axencias, así como dos fondos externos.

**Emprego con Apoio:** resulta da necesidade que unha Persoa con Autismo precisa para conseguir un emprego. Unha persoa denominada adestrador (coach) outórgalle unha das formas máis comúns de apoio, proporcionándolle axuda directa no cumprimento das tarefas asignadas no lugar de traballo. O adestrador de traballo pode diminuír a súa asistencia no caso de que a Persoa con Autismo mellore nas súas capacidades e coñecemento xeral do ambiente laboral.

**Emprego competitivo:** se unha persoa está empregada e non precisa apoio, a situación podería denominarse “emprego competitivo”. O emprego competitivo está referido a unha situación na cal o traballador gaña un soldo comparable ao dos seus colegas de traballo sen Discapacidade.

Na Guía de EMPREGO CON APOIO para Persoas con AUTISMO, publicada hai un par de anos por AUTISMO ESPAÑA, e na que tivemos ocasión de participar conxuntamente con outros compañeiros/as de Centros, que dan asistencia ás Persoas con Autismo, en España, definiamos o Emprego con Apoio:

**“...como o emprego integrado na comunidade dentro de empresas normalizadas, para Persoas con Discapacidade ou en risco de exclusión social, que tradicionalmente non tiveron a posibilidade de acceso ao mercado laboral, mediante a provisión dos apoios necesarios dentro e fóra do lugar de traballo, ao longo da súa vida laboral, e en condicións de emprego o máis similares posibles en traballo e soldo ás doutro traballador sen Discapacidade nun posto equiparable dentro da mesma empresa...”**

O Emprego con Apoio vai dirixido a favorecer a integración laboral das Persoas con Discapacidade no medio ordinario de traballo. Esta perspectiva apóiase no que é o título desta comunicación: *O Dereito ao Traballo das Persoas con Autismo* como elemento clave da inclusión das persoas nun contorno comunitario do que son elementos activos. O Emprego con Apoio diferenciaríase así das outras modalidades tradicionais de inserción laboral para Persoas con Discapacidade, tales como os Centros Especiais de Emprego ou os Talleres Ocupacionais.

O Emprego con Apoio permitiría, deste xeito, un traballo competitivo en condicións laborais normalizadas, formación e aprendizaxe de tarefas in situ,



rexeitamento cero, apoios naturais, adaptación dos postos de traballo e vinculación da empresa coas entidades promotoras. Este sistema xeraría calidade de vida, oportunidade de promoción persoal, autodeterminación e integración social.


Desta forma, o Emprego con Apoio non se refire aos traballos realizados en contornos protexidos, non coloca ás persoas máis capaces, non supón a colocación das Persoas con Discapacidade nun posto de traballo acompañado sempre do preparador laboral, non entraña o abandono das responsabilidades das institucións ás que pertencen as Persoas con Discapacidade, non se refire á formación pre-profesional e non é unha modalidade de cursos de formación ou de prácticas laborais.

Obviamente, no caso das Persoas con Autismo, o proceso de inserción require unha planificación e orientación individualizada previa, que contemple todos os elementos necesarios para asegurar ao máximo o éxito. Un proceso previo de orientación vocacional faise necesario a través da busca de emprego, valoración dos candidatos, análises e valoración do posto de traballo, adestramento e adaptación, e seguimento e valoración.

Evidentemente, como nos comenta Georges Soleilhet, que as Persoas con Autismo comprendan o importante que é **gañar a vida** contando cos seus esforzos e coas súas capacidades. Hai que axudarlles a que se enfronten aos seus medos, á inhibición das súas capacidades e da súa intelixencia. Hai que conseguir que as Persoas con Autismo, unha vez arranxadas as estruturas e animando aos equipos, estean a carón dos demais, ao noso carón.

As respostas de traballo deben aceptar os cambios e propoñer múltiples actividades, algunhas das cales desaparecen co tempo, deixándolle sitio a outras novas máis acordes coa evolución do mercado e cos progresos das Persoas con Autismo.

Outra das cuestións que nos preocupa en todo o concernente ao traballo para as Persoas con Autismo é o da súa elección. En principio, o traballo debe ser elixido considerando aquelas áreas máis sólidas da persoa. Tomando como referencia un traballo de Temple Grandin hai que ter en conta que tanto os individuos de alto nivel como de baixo funcionamento teñen unha memoria operativa (memoria a curto prazo) moi pobre, en contraposición a unha, case que sempre, boa memoria a longo prazo, incluso mellor ca a das persoas normais. Son considerados malos traballos, para Persoas con Autismo de alto funcionamento, tarefas polo tanto, que esixen moita memoria operativa, tales como: comerciante, recepcionista ou telefonista, taquígrafos, cobrador, croupier, axente de transportes, cocifeiro de restaurante,... Para pensadores visuais, como se define a propia Temple Grandin, que teñan dificultades para facer abstraccións matemáticas, como a álgebra, estes serían os mellores traballos: programador de ordenadores, arte comercial, fotografía, deseño de equipamentos, mecánico de automóbiles, reparación de ordenado-



### *O dereito ao traballo das persoas con autismo*

---

res, reparación de electrodomésticos, artesanía, deseñador de páxinas web, traballos de mantemento (fábricas, edificios,...),...

Hai tarefas boas para pensadores non-visuais, que sexan bos en matemáticas, música ou actividades concretas como: contabilidade, bibliotecoloxía, enxeñería, periodista, afinador de pianos...

Como traballos para Persoas con Autismo non-verbais ou con poucas habilidades verbais proporíanse: fotocopista, tarefas de limpeza, almacéns, coidado de plantas, xardinería, reabastecemento de estantes, ordenar libros,...

#### **Conclusión a modo de reflexión**

Por múltiples razóns, que teñen que ver, obviamente, coa experiencia (idade), acertos e erros, con esta comunicación aquí en Galiza e celebrando o 25 Aniversario dos nosos colegas de ASPANAES, quixera expresar o que sempre dicimos e comentamos nos corredores e pequenos comités, e case nunca de forma pública e nun foro como pode ser este.

**Primeira:** estou convencido de que calquera Persoa con Discapacidade e por suposto as Persoas con Autismo poden e deben traballar, sempre e cando se arbitren os medios que, obviamente, se precisan (idoneidade do traballo, formación previa, acompañamento ou apoio, ...)


**Segunda:** as persoas de atención directa (monitores) que traballen coas Persoas con Autismo deben reunir a condición “sine qua non” de ser traballadores e controlar fundamentalmente de forma profesional o traballo que estean a realizar: agropecuario, servizos, hostalería, cerámica, xardinería, lavandería, carpintería,...

Supón un grave erro colocar ao fronte dun taller a unha persoa con psicoloxía, pedagogía ou medicina...

**Terceira:** a formación profesional dos monitores debe completarse cunha formación en Discapacidades e Autismo. Se fose posible, esta formación debería realizarse nos propios Centros que dan atención ás Persoas Adultas con Autismo.

**Cuarta:** un monitor-traballador pode ter problemas ao longo da súa vida profesional, pero o que nunca deixara de facer é dimitir da súa condición, que o define como “traballador”.

**Quinta:** o traballo, no noso campo, non debe ser un fin en si mesmo. O traballo, ademais da súa función de rendibilidade, está ligado á saúde. As



Persoas con Autismo que acceden ao mundo do traballo conseguen ao longo da súa existencia unha mellor calidade de vida.

**Sexta:** as familias das Persoas con Autismo non sempre cren nas capacidades dos seus fillos/as. Non son poucas as familias que aos Centros de Adultos seguen a chamarlle Colexio. Outras actividades, que teñen que ver co ocio, pensan que son máis importantes. É necesario e imprescindible que as familias, conxuntamente cos profesionais dos Centros e a persoa interesada, crean no traballo como a única vía de acadar a verdadeira integración.

**Sétima:** a Administración Pública debe dar prioridade ao emprego das Persoas con Autismo. Unha campaña continua e tenaz debe facilitar todo tipo de traballos, os máis idóneos para este colectivo.

**Oitava:** é necesaria a utopía, sobre todo, no concerne ao traballo para Persoas con Autismo. Nós cremos nela, pero tamén sabemos que é a realidade, do día a día, a que nos pon a cada un no seu sitio. Ás veces damos mensaxes, que van máis no lucimento que en ofrecer a realidade da situación. Conseguir un emprego competitivo para moitos dos nosos usuarios/as é unha tarefa certamente moi difícil.


**Novena:** as Persoas con Autismo e con gran Dependencia, con toda seguridade, poden probablemente facer tarefas de traballo, que temos que investigar cales poden ser as máis idóneas.

**Décima:** hai que desterrar o fantasma de que as Persoas Vellas e as Persoas con Discapacidade estean apartadas do mundo laboral. Non existe cousa máis estimulante que ver a unha persoa maior ou con Discapacidade que é capaz de estar ocupada, de facer cousas para ela e para os demais.

### Bibliografía

AUTISM SOCIETY OF AMÉRICA. Tradución ao español do artigo: “*El empleo y los adultos con Autismo*”.


COTTINELLI TELMO, I. *Formación Integrada cara ao Emprego*: “Os mozos con Autismo e os seus Acompañantes”. pp. 17-19. Revista Maremagnum, nº 4 (1999-2000). Número Especial - Encontro Internacional: Iniciativa Emprego HORIZON III. Edita: AUTISMO GALIZA. Comercial Gráfica Nós. Vigo, 1999/2000.




*O dereito ao traballo das persoas con autismo*

---

- CUXART, F. et col. *Unha experiencia de traballo con apoio para Persoas con Autismo severamente afectadas*. pp. 51-54. Revista Maremagnum, nº 4. Vigo, 1999/2000.
- DEPREZ, M. *O traballo: Unha forma de valorizarse*. PP. 21-24. Revista Maremagnum, nº 4 . Vigo, 1999/2000.
- GARCÍA VILLAMISAR, D. *O status da rehabilitación socio-laboral dos adultos con Autismo. Un estudio seguimento dende a perspectiva psicopatolóxica*. PP. 57-60. Revista Maremagnum nº 4. Vigo, 1999/2000.
- GRANDIN, T. *Elección del trabajo para Personas con Autismo o Síndrome de Asperger*. Noviembre, 1999. Tradución realizada por Jimena Drake. Aparece en Internet.
- JIMÉNEZ CASAS, C. L. *¿Que sabemos e que precisamos para mellorar as condicións das Persoas con Autismo?* pp. 101-111. Revista Maremagnum, nº 4. Vigo, 1999/2000.
- PELACH I BUSOM, F. *O traballo como realidade e ferramenta terapéutica*. pp. 61-65. Revista Maremagnum, nº 4. Vigo, 1999/2000.
- SOLEILHET, G. *Estructuración humana mediante o traballo ou gañala vida*. pp. 67-71. Revista Maremagnum, nº 4. Vigo, 1999/2000.
- VIVANTI, D. *¿Como se presenta o futuro para os nenos/as autistas?* pp. 33-40. Revista Maremagnum, nº 4. Vigo, 1999/2000.





## A MOTIVACIÓN LABORAL DESDE A ORGANIZACIÓN<sup>1</sup>

Estrela Vázquez Allegue\*

*Psicóloga e Psicoterapeuta*

### RESUMO

*Cando traballamos ao servizo das persoas non debemos esquecer nunca que a mellor ferramenta de traballo son os profesionais que día a día traballan en atención directa. Profesionais, por outra banda, que non sempre son tidos en conta, escoitados... Desde a organización debemos facer un esforzo por mellorar aquilo que nos compete e que repercute negativamente na motivación laboral das persoas coas que traballamos. Tres son os aspectos a mellorar: a comunicación, o ambiente laboral e a estrutura, que contempla planificación de tarefas e tempos.*

### Introdución

A motivación persoal é un conxunto de procesos implicados na activación, dirección e persistencia da conduta (Beltrán 1993 a, Bo 1995, Mc Clelland 1989 etc...). Motivación é aquilo que move a nosa conduta de xeito intencionado e que nos permite provocar cambios na nosa vida. Se isto o trasladamos ao contexto laboral parece que as actitudes, as percepcións, os intereses e as expectativas que teña o traballador de si mesmo, do seu traballo e


1. Relatorio presentado no Congreso ASPANAES, celebrado en Santiago de Compostela, os días 4, 5 e 6 de novembro de 2005.

\* A autora é Licenciada en Psicoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela. Especialista en Psicopatoloxía e Psicoterapéutica. Directora do Centro de Día e Residencial Castro Navás-Fundación Menela. Responsable do Servizo de Diagnóstico Multidisciplinar da Fundación Menela. Docente do Proxecto CAMI de Cooperación Transfronteriza Galicia-Norte de Portugal INTERREG IIIA. Membro do Consello de Redacción da revista Maremagnum. Membro da Asociación Española de Terapia Familiar e da Asociación Galega de Terapia Familiar. Titora externa de Practicum na especialidade de Psicoloxía Clínica para as Universidades de Santiago de Compostela, Salamanca e UNED. Autora do traballo: *¿E agora que? Outra vez a síndrome d@ queimad@: Maremagnum* (pp. 181-188, nº 5, 2000-2001).

*A motivación laboral desde a organización*

do que poida conseguir, constitúen factores importantes que guían e dirixen a conduta no traballo. A motivación laboral implicaría consecuencias psicolóxicas positivas como son: a autorrealización, mellora da autoestima e sentirnos útiles. Con todo cando falamos da motivación no traballo non debemos ter en conta como únicas estas variables de carácter persoal e interno; debemos contemplar tamén aquelas que proceden do contexto laboral (externas) e aquelas consideradas transcendentales (realidades non propias, resultado do traballo da persoa), Nuria Chinchilla, 1996.

**Cadro 1**  
**VARIABLES PERSOAIS, DE CONTEXTO E TRANSCENDENTES**  
**QUE INFLÚEN NA MOTIVACION LABORAL**



Como podemos observar, neste cadro 1, gran parte da actividade laboral estaría motivada dalgún xeito.


A motivación laboral trátase, entón, dunha conduta dirixida a obxectivos, autorregulada, controlada a nivel automático e/ou cognitivo, persistente durante un período de tempo e “activada” por un conxunto de necesidades, emocións, valores, metas e expectativas (Marisa Salanova, P. M. Montagás, J.Mª Peiró, 1996).


**Orientación motivacional**

Tradicionalmente asumíase que as persoas adoptaban dúas orientacións motivacionais cara ao traballo: unha orientación intrínseca e unha extrínseca. Con todo, cando traballamos con persoas, a orientación transcendente cobra unha gran importancia, pois convértese nun dos eixes principais á hora tanto de motivar coma de desmotivar (obxectivos pequenos non sempre cumpridos, obxectivos a longo prazo, implicación emocional...). (Cadro 2).

Se partimos da base de que o noso traballo é dos considerados vocacionais, entón a atracción que exercerá o traballo sobre o empregado será máis sólida se os motivos do mesmo tenden a ser máis intrínsecos e transcendentales ca extrínsecos (Nuria Chinchilla, 1996).

Cadro 2






## *A motivación laboral desde a organización*

### **Teorías sobre a orientación motivacional**

Existe un gran número de teorías sobre a motivación laboral. Centrándonos na clasificación tradicional, distinguiremos entre teorías centradas no contido e teorías centradas no proceso (clasificación de Campbell, Dumnette, Lawler e Weick, 1970).

#### *Teorías centradas no contido*


Tratan de identificar constructores que motivan a actividade (necesidades). Estaríamos motivados cando nos faltase “algo” ou estivésemos insatisfeitos con algún estado físico ou psicolóxico. Como representativa estaría a Teoría das necesidades de Maslow (1943/1954). A idea básica era que para interesarse en satisfacer necesidades de orde superior, é necesario ter cubertas as de orde inferior. Distinguiu 5 tipos de necesidades que están ordenadas xerarquicamente en función da súa importancia.



Maslow proponnos que, un traballador está motivado se ten satisfeitas as súas necesidades básicas. Se as van cubrindo, o profesional necesitará outro tipo de motivadores. A empresa ha de cambiar de sistema ou organización para favorecer a satisfacción das necesidades superiores de autorrealización.

#### *Teorías centradas no proceso*

Fixan a súa atención nos procesos que fan posible a dirección e persistencia da conduta laboral. Cobran relevancia as expectativas, os valores, as intencións ou as atribucións sobre si mesmo ou sobre os outros. A “Teoría das expectativas e valencias” (Vroom, 1964; Graen, 1969; Meter e Lawer, 1969/1963), a “Teoría do establecemento de metas” de Locke e colaboradores e a “Teoría da equidade” (Adams, 1965) son as máis representativas.



### Motivadores da conduta laboral


A empresa (centro) sería responsable de dous grandes conxuntos de aspectos do traballo que funcionarían como motivadores da conduta laboral:



#### Motivadores da contorna laboral

Maslach afirma que as melloras no ambiente de traballo teñen efectos motivadores máis intensos e que son máis duradeiros no tempo. Motivadores do ambiente laboral serían: 1) O diñeiro; 2) A estabilidade: dá tranquilidade, sensación de ser competente e permite ao profesional planificar a súa vida fóra do traballo; 3) Mellora das condicións de traballo: dispoñibilidade de recursos materiais e espazos adaptados e diferenciados; 4) Mellora da ratio; 5) Criterios claros para definir os grupos de traballo cos usuarios; 6) Horarios de traballo: establecemento de quendas e calendario con antelación; 6) Flexibilidade: favorece os cambios; 7) Mellora da comunicación: reunións diarias breves, concisas onde se transmite información concreta, de xeito escrito e verbal; semanais onde se suscitan cambios, propostas, dúbidas,...


- A rotación de grupos: establecer períodos nin moi longos nin moi curtos (3 semanas tarde/ 1 semana noite/ 5 semanas cambio de grupo) co fin de poder cumprir programas, seguir unha metodoloxía, coñecer ben a todos os usuarios... A rotación permítenos:
  - Que todos os profesionais coñezan e saiban traballar con todos os usuarios.




*A motivación laboral desde a organización*



RICARD TERRÉ (1999)



- Todos os traballadores son responsables de todos os usuarios.
  - Reducimos a sobre implicación emocional.
  - Favorecemos a aceptación de cambios nos nosos usuarios (diferentes persoas, diferentes estilos pero mesma metodoloxía, mesmos obxectivos) ao mesmo tempo que mellora a flexibilidade e a xeneralización das súas condutas.
  - Non existe: “é o meu rapaz”, “non é o meu grupo”.
  - Fuxir da rutina.
- A participación e a delegación. Os traballadores, que participan no deseño ou nas modificacións, melloran a súa autoestima e competencia. O persoal de atención directa é o que mellor coñece o seu traballo, os usuarios, os problemas que adoitan aparecer... e, polo tanto quen pode propoñer melloras máis eficaces.
  - Oportunidades de cambio, ascenso ou promoción. Un dos factores que menos motiva é: “e isto é para toda a vida”.  
Os cambios xeran novas expectativas, propoñénnos novos retos e obrígan-nos a “poñernos ao día”, o que implica un constante estado de activación. Os cambios, ascensos ou promocións supoñen un recoñecemento de aptitudes, de esforzos... e, nalgunhas ocasións, poden ir acompañadas dun reforzo económico.
  - Ambiente social: desde a interacción téñense cubertas necesidades de afiliación e contacto social. Recoñecemento, sentirnos seguros, acompañados, compartir... Por iso nos pareceu importante que os profesionais traballasen en parellas e en determinados momentos que chamamos comúns, en grupo. Isto facilita que se un dos traballadores se atopa mal, ten un problema con algún usuario,... sempre vai ter un compañeiro ao seu lado que lle vai axudar a resolvelo no momento.  
O grupo consolida algúns resultados motivacionais dos seus membros como a cohesión, a participación, a colaboración e o establecemento de obxectivos comúns.
  - Supervisión: é un proceso continuo de seguimento, análise, control e reflexión, que se realiza sobre a intervención duns profesionais. Así, a persoa que exerce o papel de supervisor é o encargado formal de planificar, coordinar, organizar, dirixir e establecer, comunicar e revisar o cumprimento de obxectivos.  
Para que existise unha boa organización e un bo clima laboral o supervisor ten sobre todo que resolver problemas e ofrecer solucións, escoitar e dar apoio emocional. (Apoio social, Pines, 1983).
  - Fomento do apoio social: parte do benestar psicolóxico do traballador asó-



### *A motivación laboral desde a organización*

---

ciase coa súa integración laboral. Apoio social sería a información que permite crer ao traballador que outros se preocupan por eles, son estimados e valorados e forman parte dun grupo.

#### *Características da tarefa e contido do traballo*

Como tarefa entendemos un conxunto de instrucións que especifican que se debe facer (Hackman e Oldman, 1980). Como atributos que motivan a tarefa temos: o noso interese, que a actividade nos guste e a variedade coma regulador da rutina; a importancia: é a medida con que unha tarefa inflúe na vida doutras persoas (dentro ou fóra do traballo) e a identificación: facer un traballo desde que se empeza ata que se acaba; a definición e estruturación dos tempos e as tarefas, así como o reparto e rotación de todas as tarefas entre os grupos, son características importantes.

Dentro da tarefa ou traballo intentamos introducir protocolos ou xeitos de actuar ante as diferentes situacións imprevistas que poidan aparecer (condutas ameazantes, crises, enfermidade dun compañeiro, problemas de mantemento...); fomento da autonomía (poder tomar decisións relacionadas coa súa tarefa, o que leva implícito o sentimento e a asunción de responsabilidade); oportunidades de utilizar coñecementos; axuste entre as características da tarefa e posto de traballo; feedback positivo ou grao en que a actividade laboral requirida polo traballo proporciona ao profesional información clara e directa sobre a eficacia da súa execución (Hackman e Oldham, 1980).


#### **Conclusión**

Desde a organización dun centro de atención ás Persoas con Discapacidade e/ou dependentes poderíamos mellorar a motivación laboral introducindo pequenos cambios que incluírían: melloras na división do traballo, mellora do clima laboral, política de prevención e anticipación en todos os aspectos que rodean ao traballo e máis concretamente ás tarefas, intentar que cando unha tarefa comprometa moita enerxía emocional sexa “compensada” por outra tarefa menos comprometida, modificar o contacto cos usuarios, ser máis flexibles, evitar a rutina, mellorar a comunicación e o reforzo positivo.

#### **Bibliografía**

- ARDILA, R. *Psicología del trabajo*. Santiago: Universitaria (1986).
- CHINCHILLA, N. *Rotación de directivos*. Edicións Xestión 2000, S.A, Barcelona (1996).
- GIL-MONTE, P.E.; PEIRÓ, J.M<sup>a</sup>. *Desgaste psíquico en el trabajo: el síndrome de quemarse*. Síntesis psicología (1997).





---


*Estrela Vázquez Allegue*



GOLEMAN, D. *Inteligencia emocional*. Editorial Cairos, S.A., Barcelona (1996).


MASLACH, C. *La síndrome do burnout: il prezzo dell'aiuto agli altri*, Cittadella editrice (1982).

PEIRÓ, J.M<sup>a</sup> e PRIETO, F. *La actividad laboral en su contexto*. Síntesis psicología (1996).

ROUCO, E. e LLADÓ, E. *Aprender a gestionar el cambio*. Paidós (2000).







## O COMPROMISO DE SER UN PROFESIONAL QUE TRABALLA CON PERSOAS CON TRASTORNOS DO ESPECTRO AUTISTA<sup>1</sup>

Ana M<sup>a</sup> Martínez Díez\*

*Psicóloga e Pedagoga*

### RESUMO

*O traballo profesional coas Persoas con Trastornos do Espectro Autista implica compromiso de persoa a persoa, preparación constante, esforzo e tenacidade. Ao que, noutras épocas, se dicía de todo vale, hoxe a resposta é: formación, coñecementos, metodoloxía e experiencia. Moita experiencia, que os profesionais na súa actividade como terapeutas teñen que aplicar e adaptar á idiosincrasia da Persoa con Autismo. O traballo en equipo, fundamental neste campo, non supón, para os profesionais, perder a súa independencia, enteireza e responsabilidade nas súas actuacións.*


### Introdución


Despois de 15 anos de traballo e formación na Asociación ASPANAES, o que comezou sendo a miña primeira experiencia laboral converteuse no meu orgullo profesional. Nunca me propuxera traballar en Educación Especial, con todo debo recoñecer que o mundo do Autismo me atraeu, e aínda me motiva e ilusiona. Considero que este entusiasmo é o que me axuda a intentar cada día desenvolver mellor a miña tarefa.

1. Relatorio presentado no Congreso ASPANAES, celebrado en Santiago de Compostela os días 4, 5 e 6 de novembro de 2005.

\* Licenciada en Psicoloxía e Pedagogía polas Universidades de Santiago de Compostela e Salamanca. Psicóloga responsable do Centro Educativo ASPANAES de Castro Elviña na Coruña e Psicóloga do Equipo Psicopedagóxico de ASPANAES. Foi coautora nos traballos publicados en *Maremagnum: Proxecto para o recoñecemento e validación dos servizos de diagnóstico e orientación das asociacións membros de Autismo Galicia* (pp. 39-50, nº 7-2003) e *Situación e necesidades educativas dos alumnos do Espectro Autista na Comunidade Autónoma de Galicia* (pp. 59-73, nº 7-2003).

Membro do Consello de Redacción da revista *Maremagnum*.





### *O compromiso de ser un profesional que traballa con persoas con trastornos...*

Síntome orgullosa do traballo que ano tras ano, xunto cos meus compañeiros, desenvolvo, xa que como sempre comentamos: este é un mundo que “engancha”. ¿Por que? Polo propio Autismo e pola necesidade de dar respostas ás diversas e complexas necesidades que as Persoas con Autismo e as súas familias nos presentan.

#### **O Autismo como reto**

Se algo sei de Autismo é que cada vez me queda máis por saber.

Se algo sei de Autismo é que o meu traballo non serve de nada se non conto coa axuda dos meus compañeiros.

Se algo sei de Autismo é que é imprescindible contar coa colaboración dos pais e as nais extensiva aos demais membros da familia.

Considero que ser un profesional que traballa con Persoas con Trastornos do Espectro Autista implica un gran compromiso e del quero tratar, aínda que sexa con brevidade.

Cando se fala de temas de calidade, todos estamos de acordo en que pais e profesionais temos uns mesmos obxectivos, e estes son os de ofrecer ás Persoas con TEA e ás súas familias unha vida de calidade.

As organizacións deben coidar non só das Persoas con TEA e as súas familias, senón tamén dos profesionais que traballamos con e para eles. É importante que se teña en conta que os profesionais somos persoas que traballamos con persoas. Do mesmo xeito que noutras profesións débese buscar a calidade con calidade.


Quedan atrás aqueles anos nos que no mundo do Autismo todo valía. Hoxe téñense importantes coñecementos sobre sistemas e programas para traballar co amplo espectro de Persoas con Autismo. Polo tanto, para traballar con Persoas con Autismo é importante que os profesionais teñan unha formación especializada.


Aínda que parece obvio, algunhas organizacións esquecen este aspecto e a verdade é que a problemática das Persoas con TEA é complexa, e un profesional que a descoñeza dificilmente pode traballar con ela (apuntar que neste aspecto radica un dos fracasos das Aulas de Integración, que sempre están cubertas por profesionais temporais sen formación especializada).

Aínda que a formación específica é un elemento básico para traballar con Persoas con TEA, podemos determinar que non é o único para lograr ser un bo profesional.

Cada profesional preséntase ante a Persoa con TEA con:

- Os seus coñecementos.
- A súa metodoloxía.
- A súa experiencia.
- A súa persoa, a súa personalidade.





Ana M<sup>a</sup> Martínez Díez

Un bo terapeuta debe empatizar coa Persoa con Autismo.

É relativamente fácil ensinar diferentes aprendizaxes mecánicas, o complicado é facer xurdir á Persoa con TEA coma un todo, coma un ser social e instrumental, espontáneo, activo e adaptado ao seu contexto de vida, un ser íntegro e integrado.

AS PERSOAS CON TEA NON DEBEN ADAPTARSE Á PERSOA DO TERAPEUTA, DEBE SER A PERSOA DO TERAPEUTA A QUE SE ADAPTE Á IDIOSINCRASIA DA PERSOA CON AUTISMO.

### O perfil do educador das Persoas con TEA


Hipólito Vega deixa claro no seu artigo cal debe ser “El perfil de la persona del terapeuta de autistas”:


1. Deberá ser capaz de adquirir coñecementos teóricos e prácticos sobre o TEA, assimilar datos clínicos, manexar programas.
2. Debe ser unha persoa socializada e socializante:
  - a. Manexar os seus mecanismos e procesos de socialización para empatizar coa Persoa con Autismo.
  - b. Empatizar dentro dun esquema interactivo elemental, redundante, cíclico e estruturado
  - c. Empatizar con el dentro dun esquema interactivo, que teña un tempo ou dinámica adaptada ás capacidades de comprensión e respostas da Persoa con Autismo.
3. Debe ser un suxeito cognitivamente eficaz.

“...Os técnicos que traballan con Persoas con Autismo deben ser profesionais con formación teórica, cunha gran madurez emocional e social e cunha forte dose intelectual para poder tomar decisións...” (Holmes 1990).

Antes de comprometerse a traballar no campo do Autismo todos os profesionais deberían coñecer o decálogo do profesional especializado en Autismo que Theo Peeters establece:

- *Sentirse atraído polas diferenzas.*
- *Ter unha imaxinación viva.*
- *Ser capaz de dar sen recibir agradecementos convencionais.*
- *Estar disposto a adaptar o estilo propio e natural de comunicación e interacción social.*
- *Ter o valor de “traballar só no deserto”.*





### *O compromiso de ser un profesional que traballa con persoas con trastornos...*

- *Non estar nunca satisfeito no nivel de coñecementos propios.*
- *Aceptar o feito de que cada pequeno avance trae consigo un pequeno problema.*
- *Ademais das capacidades pedagóxicas, o profesional necesita extraordinarias capacidades didácticas.*
- *É preciso estar preparado para traballar en equipo.*
- *É preciso ser humilde.*

O profesional que asume o compromiso de loitar polos intereses das Persoas con TEA e das súas familias debe intentar continuamente mellorar a calidade e a ética do seu facer profesional.

No documento que establece a Asociación AETAPI (Asociación Española de Profesionais de Autismo) reflíctense con claridade cales deben ser os VALORES dos profesionais:

1. Entusiasmo dos profesionais.
2. Traballo en equipo.
3. Aprendizaxe continua.
4. Independencia. Enteireza nas súas actuacións.


### **Apoio ás familias**


Como comentaba ao principio, o labor dun profesional desenvólvese coas Persoas con TEA e as súas familias. Isto supón que os servizos de atención ás Persoas con TEA deben contemplar, obviamente, o importante apoio ás familias.

É fundamental que as familias das Persoas con TEA atopen nos profesionais un punto de apoio e asesoramento para poder mellorar a súa calidade de vida. No contacto directo coas familias, as entrevistas, nas Escolas de Pais puidemos comprobar como a individualidade de cada persoa, de cada situación, nos esixe un plus dunha gran capacidade profesional, ser persoas próximas, sensibles e comprometidas coas familias.

O traballo coas familias é moi importante e ata hai pouco tempo estivo un tanto relegado a un segundo plano. A Persoa con Autismo sempre estivo por diante no obxectivo da atención, o que supuxo o abandono da familia.

Os profesionais centrámonos no campo da rehabilitación e colocamos á Persoa con Autismo na trama familiar. A misión dos pais e dos familiares é conseguir determinados obxectivos no desenvolvemento da Persoa con TEA. Toda a familia se centra na difícil tarefa de ser capaces de que a Persoa con TEA consiga, prograse...os pais esquécese de si mesmos e intentan soportar a problemática do seu fillo/a da mellor forma posible... Nada se volve máis importante que conseguir que o seu fillo/a con TEA adquira...





Ana M<sup>a</sup> Martínez Díez

Os profesionais debemos conseguir que, desde o primeiro momento, as familias reciban a información e a atención do modo e ao ritmo que cada unha precise. Este apoio debe ser continuo ao longo do ciclo vital da Persoa con TEA. Xeralmente as familias reciben grandes apoios nos momentos iniciais de descubrir o problema e despois o seu papel queda relegado e preocupámonos pouco de darlles apoio nos tránsitos de ciclo dos seus fillos. Cada momento da vida ten uns cambios aos que as familias se han de ir adaptando e moitas veces non atopan recursos persoais para afrontalos. Os profesionais debemos axudarlles a adquirir información e estratexias para actuar ante eles.

### Os irmáns das Persoas con TEA

Outro tema importante que quero destacar e que sempre me preocupou, son os grandes esquecidos da contorna familiar: Os irmáns. Como dicía o irmán pequeno dun deles chamado Juan Bautista: “¡que meu irmán non é Autista, que Bautista son eu!”.


A maioría das familias consideran que os irmáns teñen máis recursos para afrontar só determinados aspectos da vida dos que realmente teñen. Aínda que non nos deamos conta moitas veces son as persoas que precisan máis apoios, porque son os que quedan á marxe da intervención familiar (e se lles fai partícipe é para que axuden aos seus irmáns).


Poucas veces os profesionais do Autismo coñecemos aos irmáns, non sabemos que pensan, que senten, que lles preocupa, cales son as súas necesidades, cales son os problemas aos que se enfrontan e cales son as súas posibilidades de desenvolvemento persoal.

Desde hai dous anos na nosa Escola de Pais introducimos un día para os irmáns, pasamos uns momentos moi emocionantes e enriquecedores escoitando a un grupo de irmáns (adultos e adolescentes) expoñendo as súas vivencias, as súas preocupacións e temores, as súas necesidades e intereses e como se enfrontan á súa condición de irmáns de Persoas con TEA. Foi só un comezo, pero o noso propósito é seguir adiante con esta experiencia. Chamounos a atención que, aínda que moitos deles manifestaron as grandes dificultades que viviron (enfados, celos, vergonza, impotencia, presión nas responsabilidades e esixencias, dúbidas respecto ao amor dos seus pais, sentimentos de culpabilidade, medos ante o futuro...), apréciase un sentimento de enriquecemento persoal ante as experiencias vividas cos seus irmáns.

Eles comunicáronnos aspectos que os profesionais e as familias debemos considerar:

- Importancia de crear espazos para o intercambio de familias e pais
- Que os pais e profesionais estean alerta ante as inquietudes que nos transmiten os irmáns.
- Necesidade de informarse, formarse e saber pedir axuda.





*O compromiso de ser un profesional que traballa con persoas con trastornos...*

- Importancia dos tempos de dedicación exclusiva aos irmáns.
- Necesidade de planificar o futuro entre todos.
- Coidar o espazo de cada integrante da familia de modo que a Persoa con TEA non absorba a enerxía familiar.

O Equipo Psicopedagóxico de ASPANAES espera continuar con este traballo na formación e motivación dos profesionais e as familias tratando do mantemento e creación:


- Cursos de formación para novos profesionais.
- Cursos de formación continuada dos profesionais da asociación.
- Promover a formación do traballo en equipo.
- Grupos de apoio ás familias: pais, irmáns.
- Buscar en todo momento a intervención con coñecemento e ética profesional.

O compromiso das profesionais que traballamos con Persoas con TEA é loitar pola calidade e ética no ámbito da atención ás Persoas con TEA e ás súas familias.

### **Bibliografía**

- HIPÓLITO VEGA. *El perfil de la persona del terapeuta de autistas. El tratamiento del autismo*. A. Rivière e J. Martos (comp.), El tratamiento del autismo. Nuevas perspectivas. Madrid. Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales.
- AETAPI. *Un plan de futuro* (2005).
- FEAPS. *Manuales buenas prácticas*.
- RONCO, E. e LLADÓ, E. *Aprender a gestionar el cambio*. Paidós (2000).
- GALLEGO, LUISA; FERNÁNDEZ, DANIEL et cools. *Discursos profesionales de las ciencias de la salud, educación y trabajo social sobre la discapacidad psíquica*. Fundación Paideia (2001).
- CUXART, F. (1997). “La familia del niño con autismo y el apoyo terapéutico a las familias”, en A Rivière e J. Martos (comp.), El tratamiento del autismo. Nuevas perspectivas. Madrid. Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales.
- CUXART, F. (2000). *El Autismo. Aspectos descriptivos y terapéuticos*. Málaga, Aljibe.
- HARRIS, S. (2001). *Los hermanos de niños con autismo: su rol específico en las relaciones familiares*. Madrid, Ed. Narcea.





## OS MEDIOS DE COMUNICACIÓN COMO INTEGRADORES DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE: REALIDADE GALEGA E MEDIDAS A TOMAR

José Villanueva Rey<sup>1</sup>, Tareixa Barberena Fernández<sup>2</sup>,  
Oscar Reboiras Loureiro<sup>3</sup>


### RESUMO


*Os medios de comunicación teñen unha gran función social. Neste sentido, son fundamentais para que colectivos coma o das Persoas con Discapacidade se integren con total normalidade e poidan formar parte activa da sociedade. Na prensa galega observamos como as informacións sobre estas persoas son breves, teñen pouca transcendencia e publícanse sobre todo no verán. É por iso que tanto os medios de comunicación coma as propias asociacións e colectivos deben tomar conciencia deste problema e levar adiante unha serie de medidas que contribuirían a mellorar o tratamento informativo.*

### Introdución

Os medios son fundamentais para facer visibles as minorías sociais, para dar a coñecer os seus problemas, para reivindicar as súas necesidades e para fomentar a súa integración na sociedade.

1. José Villanueva Rey é Licenciado en Ciencias da Comunicación pola Universidade de Santiago de Compostela e está na etapa de tese nos seus estudos de 3º ciclo. Na actualidade está de investigador no grupo Novos Medios da facultade de xornalismo da USC.
2. Tareixa Barberena Fernández é Licenciada en Ciencias da Comunicación pola Universidade Autónoma de Barcelona e está na etapa de tese nos seus estudos de 3º ciclo na Universidade de Santiago de Compostela. Na actualidade traballa de xornalista no Concello de Vigo.
3. Óscar Reboiras Loureiro é licenciado en Ciencias da Comunicación pola Universidade de Santiago de Compostela e está na etapa de tese nos seus estudos de 3º ciclo. Na actualidade traballa de xornalista en "R".





### *Os medios de comunicación como integradores das persoas con discapacidade*

O xornalismo pode e debe colaborar á equiparación de oportunidades dentro da axenda de medios, sen limitalo a seccións específicas como pode ser a de *Sociedade* ou a algunha outra relacionada coa saúde. Precisamente por ser un colectivo moi amplo e que participa de xeito activo en todas as facetas da sociedade podería estar dentro de todas as seccións dun xornal.


O xornalismo debe axustarse á faceta máis social, debe aproximarse a un xornalismo comprometido coa realidade e no que o profesional crea na importancia do seu traballo para a sociedade. O xornalista debe ser consciente da importancia dos medios de comunicación na construción da realidade social, e como poden axudar á integración das minorías na sociedade. O principal obxectivo dos medios de comunicación con respecto ás minorías debe ser reducir a marxe da subxectividade coa suma de novas fontes que tendan a un maior pluralismo informativo, e devolver un mapa máis completo da realidade ao público. É dicir, colaborar na construción dunha imaxe da realidade que integre con maior fidelidade a todos os actores do escenario público, neste caso, contribuír á integración das Persoas con Discapacidade en todos os ámbitos da vida.


O xornalista comprometido co chamado xornalismo social ten que investigar e crear vínculos con novas fontes informativas de confianza para sumar á súa axenda, e debe incorporar novos conceptos de edición para que o artefacto do eixo social cos da política e da economía sexa posible, incorporar novas temáticas de servizo co obxectivo posto nos lectores, incluír nas coberturas a investigación de busca de solucións e coidar o uso dunha linguaxe inclusiva o máis libre de prexuízos que lle sexa posible.

#### **Metodoloxía e resultados**

Este traballo, que de seguido referimos, está baseado nunha investigación feita coa finalidade de determinar os parámetros que rexen o discurso sobre as Persoas con Discapacidade na prensa galega. Entendemos que a problemática deste sector da poboación é abondo complexa como para ser merecente dun tratamento en profundidade, de marcado carácter interdisciplinar, que afonde no contacto con fontes especializadas, na contextualización e no tratamento dende as múltiples dimensións que puideran incidir neste. Consistiría nun tratamento especializado da información que vaia máis aló do simple nivel informativo, da mera acta dos elementos noticiosos da actualidade.

Para a realización do estudo levouse a cabo primeiro un baleirado dos trece xornais galegos de información xeral existentes (*Atlántico Diario*, *Diario de Arousa*, *Diario de Ferrol*, *Diario de Bergantiños*, *Diario de Pontevedra*, *El Correo Gallego*, *Faro de Vigo*, *El Ideal Gallego*, *Galicia Hoxe*, *La Opinión*, *El Progreso*, *La Región* e *La Voz de Galicia*) durante un ano (de setembro do 2003 a setembro do 2004), mediante a escolla de calquera infor-





*José Villanueva, Tareixa Barberena, Oscar Reboiras*

mación que aparecese neles sobre os discapacitados, é dicir, o criterio de elección das informacións foi temático.

Sobre esta escolla aplicamos unha redución do corpus da análise seleccionando só as novas que aparecen nos días impares dos meses pares, e aplicámoslle unha análise cuantitativa e cualitativa fixándonos na perspectiva do discurso, nos xéneros xornalísticos utilizados, no tipo de Discapacidade referida, nos actores protagonistas e secundarios da información, no emprazamento dentro do xornal da nova, no acompañamento gráfico, na autoría da información, na valoración da Discapacidade, na dimensión da nova, no marco no que se insire a peza e no ámbito que abrangue o interese da nova.

Despois do baleirado das novas e da análise dos ítems anteriormente establecidos, realizamos, antes da interpretación do que desa análise sacamos, entrevistas e enquisas ás principais asociacións e federacións de Persoas con Discapacidade e familiares de discapacitados para tentar analizar de primeira man, nas persoas involucradas, os problemas que eles cren máis importantes na comunicación mediática de información sobre Persoas con Discapacidade, tentando saber cales son os puntos que eles cambiarían e cales fomentarían en maior medida.


Realizamos cinco entrevistas en profundidade ás asociacións e federacións máis importantes de Galicia, tentando tocar todas as tipoloxías de Discapacidade (física, psíquica e sensorial) e despois realizamos unha vintena de enquisas máis superficiais a outras asociacións, pero tratando todos os temas relevantes, para ter a opinión de todos os sectores e formacións posibles.


Con todos os datos obtidos da análise das novas analizadas, co referido nas entrevistas e cunha ampla bibliografía consultada, tentamos chegar a unhas conclusións sobre o tratamento dos medios sobre as novas de Persoas con Discapacidade e redactar un decálogo das cousas que deberían mellorar ou cambiar os xornalistas para que o tratamento dos medios fose adecuado e puidese servir de integración para este colectivo, asemade dun decálogo para as propias asociacións de Persoas con Discapacidade para levar a cabo un bo traballo para e cos medios de comunicación, e así facilitar esa integración social que tanto anhelan e buscan.

## **Resultados**

Despois de realizar todo o traballo de campo e analízalo puidemos observar que:

1. **O local** é moi importante nas novas sobre o colectivo de Persoas con Discapacidade: case todas as novas saen na edición de *local*, e hai seccións nas que practicamente non se publica nada sobre eles, cando as Persoas con Discapacidade son cidadáns en todos os ámbitos da vida e da sociedade.



*Os medios de comunicación como integradores das persoas con discapacidade*


2. As novas sobre esta minoría prevalecen na época de verán: hai unha **estacionalidade** das novas deste colectivo, a chamada información de tempada, cuxa explicación se dá pola baixada de fluxo informativo na época de verán, polo que recorren a eles para encher de contidos os xornais.
3. As novas analizadas sobre as Persoas con Discapacidade son na maioría dos casos dun **tamaño Intermedio** (45%) e **Breve** (43%). Teñen, en xeral, unha medida inferior a unha columna.
4. Comprobamos como case a metade das novas analizadas **non contaban con imaxe gráfica**. Se temos en conta que na maioría das noticias de tamaño grande ou mediano adoita haber fotografía, chegamos á conclusión de que en boa parte dos casos estas novas non van ocupar un lugar relevante na maquetación da páxina. Podemos dicir que as novas sobre Discapacidade están carentes de imaxe e con pouco impacto visual dentro da páxina e do medio en si.
5. Os discapacitados por si sós **non venden**, necesitan un “valor engadido”, por exemplo, como denuncian as asociacións e as federacións de discapacitados, un actor político que estea detrás da nova e que focalice o acto informativo.
6. As Persoas con Discapacidade teñen un papel **Pasivo** nas pezas analizadas dos xornais galegos. Pódese dicir que existe unha pasividade do actor discapacitado, convértese en meros observadores da realidade informativa.

José Villanueva, Tareixa Barberena, Oscar Reboiras


7. Os **temas** máis destacados nas informacións sobre Persoas con Discapacidade, en xeral, son os que tratan sobre a *Accesibilidade*, o *Mundo laboral*, as *Campañas de sensibilización* e o *Carácter humano* (informacións máis personalizadas e que teñen o punto de vista dunha persoa en concreto que conta a súa problemática, a súa experiencia ou como é o seu día a día).
8. Un 30% das novas analizadas fan mención a un tipo de Discapacidade que non está moi clara, non está definida. Nas que xa teñen unha definición nítida, vemos como teñen unha porcentaxe moi semellante as **Discapacidades psíquica (26%) e física (28%)**. Teñen moito menor impacto as novas relacionadas cunha Discapacidade sensorial, algo moi estraño tendo en conta a influencia que ten neste eido unha organización tan antiga e tan arraigada como a ONCE.
9. *La Voz de Galicia* e o *Faro de Vigo* son os **xornais nos que máis novas** hai sobre os discapacitados en números absolutos. Non obstante, se dividimos as pezas atopadas en cada un destes xornais polo número de edicións que teñen, para saber a media de novas sobre esta temática que aparecen en cada edición, temos que en *La Voz de Galicia* se publicarían unha media de nove pezas informativas en cada edición durante o período analizado. Pola contra, o *Faro de Vigo* tería un total de 12 novas de media por edición. Os xornais que máis novas publicaron foron ***El Progreso* con 37 novas** seguido por *El Ideal Gallego* e *El Correo Gallego* con 34 novas cada un.
10. O día da semana no que se recollen máis novas sobre Discapacidade é o **mércores**. O resto dos días (a excepción do luns, no que hai un baixón considerable) a evolución é moi semellante.
11. As **Asociacións de discapacitados** representan a maioría dos **actores** principais reflectidos co 34% das pezas. Séguenlle os *Organismos públicos* (Goberno local, nacional, estatal) co 27% das novas, ao que se lle poderían engadir os *Partidos políticos* (3%). Pódese dicir que os actores principais son colectivos.
12. As Persoas con Discapacidade non están incluídas en todos os **marcos** coma o resto dos cidadáns, senón que se encadran de forma esmagadora só en cinco, e por esta orde: *Social, Político, Emprego, Accesibilidade e Servizos sociais*.

### Os Discapacitados Psíquicos na prensa galega: O Autismo

Cando se escriben informacións sobre Persoas con Discapacidade tense que reflectir que a Discapacidade abrangue unha gran diversidade de situacións. E cada persoa ten unha barreira distinta, que ten que superar de maneira diferente. Nas informacións sobre Discapacidade *psíquica*, na maioría dos casos noméase



### *Os medios de comunicación como integradores das persoas con discapacidade*



ás persoas con xenéricos como *Discapacitado*, *Diminuído* ou *Minusválido*, en poucas ocasións se concreta. Así, en 13 informacións especifícase que se fala de Persoas con *Síndrome de Down* e en 5 que son Persoas *Autistas*.

Indicar tamén que un 30% das novas analizadas fai mención a un tipo de Discapacidade que non está moi clara. Nas que xa teñen un referente nítido, vemos como teñen unha porcentaxe moi semellante as Discapacidades *psíquica* (26%) e *física* (28%).


Teñen moito menor impacto as novas vencelladas cunha Discapacidade sensorial, algo moi estraño tendo en conta a influencia que ten neste eido unha organización tan antiga e tan arraigada como a **ONCE**. A explicación está en que hai un gran número de novas relacionadas coa Discapacidade psíquica e coa física que proveñen dun ámbito político: infraestruturas para mellorar a accesibilidade, subvencións, etc. Ademais, hai que ter en conta que a **ONCE** move un gran volume de información, pero non todas as persoas que forman parte desta organización son cegas ou deficientes visuais, senón que poden ter calquera outra Discapacidade, polo que se explica en boa parte este feito.


### **Decálogos**

Para concluír realizamos uns decálogos de conduta para as dúas partes implicadas no estudo: as asociacións de Persoas con Discapacidade e os medios de comunicación:

#### *Decálogo para os medios de comunicación:*


No noso estudo poñemos uns puntos de relevo para os medios de comunicación que lle dan un valor engadido á información sobre Persoas con Discapacidade:






*José Villanueva, Tareixa Barberena, Oscar Reboiras*

1. Os medios de comunicación non deberían tratar as Persoas con Discapacidade coma un colectivo que estivese restrinxido case na súa totalidade a unha sección concreta (*Sociedade, ...*), debemos tratar de normalizar **a inclusión deste colectivo** ou minoría en todas as áreas da sociedade e en todos os ámbitos sociais, polo que se debería tratar este tema en todas as seccións dos xornais ou dos medios.
2. A repercusión social da minoría das Persoas con Discapacidade é moi relevante, xa que veñen sendo máis de 300.000 persoas entre a xente con algunha Discapacidade e os familiares de primeira orde en Galicia. Así que é necesario un espazo concreto dedicado a eses lectores potenciais (consumidores de información). É necesario dedicarlle unha **cobertura habitual nos medios de xeito regular**.
3. A importancia da sección sanitaria, da saúde en si mesma, nunha sociedade cada día máis preocupada pola prevención de enfermidades e polo mantemento correcto do noso corpo, vén demandando a utilización dun xornalismo especializado e a **creación dunha sección** concreta sobre este ámbito do saber, onde se traten temas de prevención e axuda a este colectivo en concreto.
4. Xa no tratamento informativo hai que recalcar a importancia da prevención, educando a xente antes de que se presente a Discapacidade. Noutras palabras, hai que facer un **xornalismo preventivo**, non só contar as consecuencias dunha acción, senón que hai que tratar o tema antes de que suceda para recalcar as posibles consecuencias. Ser capaces de que a sociedade estea sensibilizada co colectivo e coa súa problemática diaria, tanto coa propia persoa que sofre a discapacidade coma coa xente que a rodea.
5. Hai que **desfacerse das barreiras de accesibilidade á información**, seguir as leis de usabilidade de Nielsen, que din que hai que facilitar ao lector ou espectador a chegada á información, ben sexa pola radio, pola televisión, na Internet ou no xornal.
6. Chegar a unha unificación de certos termos lingüísticos: chegar a un acordo para tratar de **denominar correctamente** e de forma politicamente correcta todo o que rodea a este colectivo. Sobre todo non utilizar termos como por exemplo *psicose* ou *tolos* de forma aleatoria. No xornalismo xa se debe saber a importancia que ten un correcto nominalismo lingüístico.
7. Hai un descoñecemento por parte de moitos xornalistas da **“rede de fontes do mundo dos discapacitados”**. Sempre se acode ás mesmas fontes, case sempre ás oficiais, tendo relegadas a un segundo plano fontes tan importantes como as de primeira man no mundo das Persoas con Discapacidade, pois case sempre falta o punto de vista das persoas implicadas en todos este temas.






*Os medios de comunicación como integradores das persoas con discapacidade*

8. Hai que facer unha **especialización do xornalismo**: un bo xornalista ten que tratar este tema dende a realidade, entender a problemática, os termos, as fontes,... dado isto hai que ter alguén na redacción específico ou polo menos que estea relacionado co tema, que se centre en toda esta información. Neste caso podería ser a persoa que estea vinculada ao xornalismo máis social.
9. O tema das Persoas con algún tipo de Discapacidade non ten que ser **estacional**, xa que todo o ano hai discapacitados e hai novas sobre eles. Para poder normalizar a súa situación é necesaria unha maior cobertura durante todo o ano e, sobre todo, máis diseminada ao longo dos doce meses.
10. O **tratamento gráfico**: é necesaria unha utilización da imaxe dos discapacitados de forma que se integren en todos os ámbitos, normalizar e normativizar a súa imaxe en calquera tema sen que por iso teña ningunha sobreinformación ou dobre sentido.

*Decálogo para as Asociacións de Persoas con Discapacidade:*

De seguido apuntamos un decálogo de recomendacións para as Asociacións de Persoas con Discapacidade para poder “utilizar” os medios de comunicación ao seu favor e lograr a integración social que eles queren e anhelan:


1. A **importancia dos medios** para as asociacións: hai que ser conscientes de que os medios dan información ás Persoas con Discapacidade, para discapacitados e sobre discapacitados, así que hai que saber que para darse a coñecer e para facerse ver na sociedade da información os medios son a clave. Asemade os medios son un punto necesario, digamos o cuarto factor de socialización para educar a xente, polo que a información e poder ter acceso aos medios é importante. Así que resulta necesaria unha boa relación de reciprocidade entre o colectivo e/ou as asociacións e os medios.
2. É necesario **coñecer a realidade da información do colectivo de Persoas con algún tipo de Discapacidade** para poder facela ben, é dicir, é necesario un seguimento dos medios, de toda a información que sae neles para poder estar informados, deben facerse informes do que está mal e do que está ben na información cotiá para poder reparar dende a propia asociación e/ou federación ese problema no contacto diario cos medios.
3. A **relación asociación-medio**: nos medios de comunicación existen rutinas informativas que teñen que coñecer as asociacións para poder utilizalas no seu beneficio. A organización do traballo xornalístico e o seu exercicio cotián consolidáronse a través de *rutinas informativas* que actúan como garantía e que, en ocasións, se transforman en factor de distorsión do proceso e afectan directamente aos contidos informa-



*José Villanueva, Tareixa Barberena, Oscar Reboiras*

tivos que transmiten as audiencias. Actuar con rutina dentro da redacción consiste en executar un proceso de forma mecánica, sen momentos de reflexión ou de cuestionar as decisións que se deben tomar nin o porque desas decisións. Así, por exemplo, a rutina prodúcese cando un xornalista recolle un fax cunha nota de prensa e inclúea na actualidade sen pedir explicacións da súa procedencia ou sen cuestionar de onde vén ou o que di. Dado isto, se as asociacións saben e coñecen as rutinas xornalísticas poden utilizalas para o seu propio beneficio e incluír novas na actualidade informativa diaria.

4. É imprescindible ter **información feita**, redactada, e unhas fontes localizadas e unha previsión informativa detallada para poder adiantarse a posibles temas que os medios demanden. Hai que facilitar o traballo dos xornalistas para que non se converta nun obstáculo para a publicación de información, é dicir, se os medios só atopan trabas para a realización ou a cobertura de información sobre Persoas con Discapacidade, pois publicárase menos. Se o traballo está adiantado e realizado e ben definido facilita a súa publicación.
5. A **“localización do tema”**: a información sobre o colectivo de xente con Discapacidade sempre está moi tratado na sección ou no ámbito local, dado isto hai que “tirar” deses xornalistas para poder saír nos medios, hai que ser conscientes da demanda dos xornalistas máis próximos a nós para poder “utilizalo” no noso proveito. É dicir, a tendencia a tratar a temática das Persoas con Discapacidade no ámbito local debe ser aproveitada polas asociacións para introducir, nos xornais próximos en espazo ao colectivo, novas que poidan visibilizar as Persoas con Discapacidade como parte da sociedade.
6. Hai que manter certa **“complicidade”** co medio, facilitarlle o traballo ao xornalista, que a noticia sobre o tema non se lle faga costa arriba.
7. Facer un **dossier de prensa**: coñecer o que sae nos medios sobre discapacitados para poder utilizalo en beneficio do propio colectivo: actividades, subvencións, actos, ... que lle poidan convir para facer eles propostas semellantes, como darse a coñecer, como conseguir os seus obxectivos..., ademais de que serve para saber como é a súa propia imaxe nos medios.
8. A **imaxe corporativa**: é imprescindible a creación dunha imaxe asociada á asociación/federación en todos os ámbitos. Que a sociedade te recoñeza cun logo, cun son, ... para facer patente que estás na sociedade e así poder dar a ver o que fas.
9. Unha **política comunicativa**: é necesaria unha persoa encargada que leve toda a política comunicativa, e esa figura debe ser un xornalista, pois coñece o mundo da comunicación (isto non é incompatible con que a asociación poida ter un gran equipo de comunicación).





*Os medios de comunicación como integradores das persoas con discapacidade*

10. Por último recalcar a necesidade de **innovar e ser orixinais** no tratamento informativo sobre o colectivo de Persoas con Discapacidade, hai que tentar vender a información dun xeito novedoso, porque á fin e ao cabo é un produto mercantil e os medios están saturados e a sociedade está sobreinformada, polo que lle hai que dar un “plus” á información para poder saír nos medios.

### **Bibliografía**

- ADROHER BIOSCA, SALOMÉ. *Discapacidad e integración: familia, trabazo e sociedade*. Madrid : Universidad Pontificia Comillas, 2004.
- CAMPOY CERVERA, IGNACIO. *Los derechos de las personas con discapacidad: perspectivas sociales, políticas, jurídicas y filosóficas*. Madrid: Dykinson: Instituto de Derechos Humanos Bartolomé de las Casas, 2004.
- ESPIÑA EIZAGUIRRE, ALBERTO. *Discapacidades físicas y sensoriales: aspectos psicológicos, familiares y sociales*. Madrid: CCS, 2003.
- FUNDACIÓN ONCE. *Guía de la discapacidad*, [Madrid]: Fundación ONCE, 2003.
- GARCÍA ROCA, JOAQUÍN. *Exclusión social y contracultura de la solidaridad: prácticas, discursos y narraciones*. Madrid: HOAC, 1998.
- LÓPEZ TORRIJO, MANUEL. *La Integración educativa y social*. Barcelona: Ariel, 2005.
- MEDINA TORNERO, MANUEL. *Organizar, planificar y evaluar en las entidades asociativas*. Murcia: Federación de Asociaciones Murcianas de Discapacitados Físicos, D.L. 1995.
- MONTERO LLERANDI, JOSÉ MANUEL. *De la exclusión a la integración, un ensayo sobre la situación social de los minusválidos*. Madrid: Escuela Libre: Fundación ONCE, 1998.
- MUÑOZ MACHADO, SANTIAGO e VERDUGO ALONSO, MIGUEL ÁNGEL. “La integración social de los minusválidos: balance después de diez años de vigencia de la Ley 13/1982”. Madrid: Escuela Libre, 1993.
- NIELSEN, JAKOB. *Usabilidad: diseño de sitios Web*. Madrid: Pearson Educación, D.L. 2000.
- PAZOS SIERRA, ALEJANDRO. *Nuevas tecnologías y computación avanzada en la ayuda a discapacitados*. Santiago de Compostela: Fundación Alfredo Brañas, 1999.
- PÉREZ PÉREZ, JOSÉ RAÚL. *Una Biblioteca para los discapacitados*. Salamanca: Universidad Pontificia de Salamanca, 1998.
- YOUNG, JOCK. *La sociedad “excluyente”: exclusión social, delito y diferencia en la modernidad tardía*. Madrid: Marcial Pons, 2003.





## TEORÍA DA PAISAXE (De Otero Pedrayo aos nosos días)

Francisco Xavier Río Barja\*  
*Xeógrafo e Investigador*

### RESUMO

*A paisaxe como experiencia sensorial, presenta un longo percorrido a través da literatura, as artes, as emocións, a estética... capaz de crear sentimentos e afectos.*

*Utilizada, e cada vez máis, para o lecer ou o turismo, a paisaxe está condicionada polos factores naturais e humanos, a través dun proceso dinámico e indisoluble, nunha Galicia intensamente humanizada, polo que se fan necesarias políticas de conservación e protección, así como a precisión dos graos de vulnerabilidade na degradación dos espazos.*


\* O autor é Licenciado en Filosofía e Letras pola USC e Doutor en Xeografía pola Universidade de Madrid. O seu labor docente desenvolveuse tanto na Facultade de Xeografía da Universidade de Santiago de Compostela, onde foi colaborador de D. Ramón Otero Pedrayo, como na Escola Universitaria de Maxisterio de Santiago, da que foi catedrático de xeografía e director. O Instituto de Ciencias da Educación contratouno como profesor especializado para organizar e dirixir máis de vinte cursos de perfeccionamento sobre *Didáctica da Xeografía*. En 1985 a Consellería de Educación encargoulle a realización da adaptación para Galicia dos "programas de Educación Primaria" que se dispensaron en todos os grupos escolares.


É autor de máis de 50 traballos sobre xeografía de Galicia, entre os que destacan os seguintes libros: *Bibliografía económica de Galicia* (Vigo, 1960), *Cartografía Xurisdiccional de Galicia no século XVIII* (Santiago, 1990), *Os ríos galegos. Morfoloxía e réxime* (Santiago, 1992), *Galicia, esa descoñecida* (1999), *Estudio económico, histórico e artístico de Vilalba* (inédito).

Como investigador destacan as obras: *El perfil longitudinal del río Xallas*, *Los estados climatológicos de Galicia desde el punto de vista de la climatología*, *Estudio económico del valle de la Maía*, así como, *A personalidade xeográfica de Otero Pedrayo*.

Ten participado en numerosos congresos e reunións científicas, tanto nacionais coma internacionais. Membro numerario da Real Academia Galega, da Academia de Ciencias de Galicia e do Instituto Galaico-Miñoto. Foi director do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento e é membro como personalidade electiva do Consello da Cultura Galega.

No campo da investigación recibiu: o Premio Valle Inclán e Alfredo Brañas do Centro Galego de Buenos Aires, o Primeiro Premio do Departamento de Seminarios de Lugo, o Premio Galicia de Investigación, o Castelao da Xunta de Galicia e o Trasalba da Fundación Otero Pedrayo.





### *Teoría da paisaxe*

---

A primeira sensación que nos suxire o termo de Paisaxe é a visual, é dicir, todo o que é perceptible polo ollo humano nun intre inmediato, é unha síntese que abrangue a totalidade dun espazo, un “quebracabezas” ou mosaico composto de moitos elementos que orixinan procesos, formas, cores e, por riba de todo, sensacións moi variadas.

Por todo isto a idea da paisaxe camiñou, longo tempo, só polos vieiros da literatura e da emoción estética.

Non por iso esta categoría estética hai que considerala como un feito intrascendente e trivial, porque a paisaxe é unha experiencia sensorial complexa capaz, por unha parte, de crear sentimentos, afectos, emocións e rexeitamentos e, por outra, a calidade estase hoxe en día a estimar como un recurso natural de promoción das áreas de ocio e turismo.

Non podemos esquecer que, hai máis de 70 anos, o meirande estudoso da paisaxe galega –D. R. Otero Pedrayo– nos falaba do sentimento xeográfico, un sentimento que dá aos homes e mulleres un especial modo de “sentir” a natureza, e para o cal non só os individuos senón os pobos semellan estar mellor ou peor dispostos. Por iso, o pobo galego “coa súa paisaxe humanizada e a súa alma chea de paisaxe” é capaz de sentir coma ningún outro os ritmos da natureza que o arrodea.


Este punto de vista está a orixinar novamente unha preocupación nos centros de estudo europeos, cunha ampla bibliografía sobre a calidade e a potencialidade das paisaxes.


Pero, certamente, a paisaxe conta con algo máis ca os valores estéticos, sendo, como é, un concepto fundamentalmente xeográfico no que xogan tanto as estruturas físicas coma os condicionamentos humanos, búscase hoxe en día a súa esencia nunha análise, moi polo miúdo, de todos os elementos que a compoñen.

En termos xerais poderíamos falar de dúas estruturas ou factores: os naturais e os humanos. Entre os primeiros, quizais o elemento máis fundamental é a morfoloxía, porque, por unha banda, é a que dá as formas e a arquitectura do territorio e, por outra banda, interacciona decisivamente noutros elementos como as precipitacións, as temperaturas, as augas que, á súa vez, inciden nos tipos de vexetación, nos cultivos, etc.

Nos factores humanos o elemento de maior presenza é, obviamente, o aproveitamento do solo que representa a constante loita do home por asegurar a súa existencia. Este uso do terreo non se refire só ao aproveitamento dos recursos básicos (agrícola, gandeiro, forestal) senón que se deriva, ademais dos factores físicos sinalados, de elementos complementarios como a propiedade da terra, das formas de asentamento, dos sistemas de explotación, ... ata que en Galicia teñen variantes moi significativas.

Pero non podemos esquecer que a Paisaxe é un fenómeno en continua evolución.





*Francisco Xavier Ríu Barja*

O que vemos hoxe é a percepción última dunha serie de procesos e interaccións dos distintos elementos, pero hai transformacións, ritmos e procesos que non os vemos, que non son perceptibles na vida do home, que non se realizan nun “tempo histórico”, senón que son medibles por un tempo que poderíamos chamar “cósmico ou planetario”, pero que o seu coñecemento é absolutamente imprescindible para a interpretación final da paisaxe.

O que hoxe vemos é un corte no devir dos acontecementos, un “intre presente e irrepetible”, antes non foi así e mañá tampouco será o mesmo. Na natureza non hai nada estático, todo dá resposta ao gran principio xeográfico da continua evolución. Polo tanto, estes procesos dinámicos e constantes teñen que formar parte do estudo e da definición da Paisaxe.

Das infindas definicións que se deron na ampla bibliografía parece moi aceptable a da escola francesa, dirixida polo Dr. Bertrand: “espazo caracterizado por unha combinación de elementos físicos, biolóxicos e antrópicos, que actuando uns sobre outros forman un conxunto indisociable, que evoluciona en bloque tanto pola interacción de todos os elementos coma pola evolución de cada un”.

Nun estudo metodolóxico temos que comezar polos aspectos visuais, porque a paisaxe abrangue todo o que vemos.

Por iso, quizais, o primeiro proceso de estudo ten que ser unha clasificación xeral das unidades ou tipo de paisaxes.

En xeral, os xeógrafos distinguen 3 tipos visuais: os físicos, os bióticos e os antrópicos, segundo a dominancia dos seus elementos. Non existen apenas dominantes absolutos e as combinacións entre os tres grupos son influídas, pero a clasificación permite, polo menos, establecer algunhas funcións e constantes da paisaxe.


